

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL



**CEIP ADR CASTELAO  
ORDES**

**Curso 2023-24**

# ÍNDICE

## INTRODUCCIÓN

<b>1.- O CENTRO ESCOLAR E A SÚA CONTORNA.....</b>	<b>páx.4</b>
1.1.- Datos de identificación.....	páx.4
1.2.- Número de unidades en funcionamento.....	páx. 4
1.3.- Catálogo de postos de traballo.....	páx.4
1.4.- Situación e contorna.....	páx.5
<b>2.- OBXECTIVOS PRIORITARIOS PARA O CURSO 2023/2024.....</b>	<b>páx.6</b>
<b>3.- XORNADA ESCOLAR.....</b>	<b>páx.10</b>
3.1.- Calendario do curso escolar 2023/2024.....	páx.10
3.2.- Xornada escolar do Centro e organización dos espazos interiores.....	páx.10
3.3.- Horarios. Recreos, tardes, transporte.....	páx.13
<b>4.- ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.....</b>	<b>páx.14</b>
4.1.-Alumnado.....	páx.14
4.2.- Profesorado.....	páx.16
4.3.- Ofertas educativas.....	páx.18
4.4.- Órganos de coordinación docente.....	páx.19
4.4.1.- Coordinadores de ciclo e equipos.....	páx.19
4.4.2.- Educación Infantil.....	páx.19
4.4.3.- Educación Primaria.....	páx.21
4.4.4.- Comisión de Coordinación Pedagóxica.....	páx.28
4.4.5.- Biblioteca.....	páx.29
4.4.6.- Equipo de Dinamización da Lingua Galega.....	páx.31
4.4.7.- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.....	páx.51
4.4.8.- Seccións bilingües.....	páx.53
4.4.9.- Equipo de TICs.....	páx.57
4.4.10.- PFPP.....	páx.59
4.4.11.-Proxectos de traballo de centro.....	páx.59
<b>5.- PLAN DE ORIENTACIÓN.....</b>	<b>páx.60</b>
<b>6. PLAN DE BENESTAR.....</b>	<b>Pax. 81</b>
<b>7.- PARTICIPACIÓN E GOBERNO.....</b>	<b>páx.82</b>
7.1.- Órganos de goberno.....	páx.82
<b>8.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....</b>	<b>páx.85</b>
8.1.- Transporte escolar.....	páx.85
8.2.- Comedor escolar.....	páx.85
<b>9.- PERSOAL NON DOCENTE.....</b>	<b>páx.87</b>
<b>10.- PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....</b>	<b>páx.88</b>
<b>11.- ANEXOS.....</b>	<b>páx.89</b>

## INTRODUCCIÓN

A Programación Xeral Anual é un documento esencial na planificación e na mellora do funcionamento do centro e na que se reflicten as liñas de traballo que se desenvolverán neste centro escolar durante o presente curso académico.

Para a súa elaboración tivemos en conta:

- A situación actual do Ceip ADR Castelao
- A memoria anual do curso 2022/2023
- A lexislación vixente.

O eixe vertebrador deste curso que comezamos terá en conta os principios da educación, facendo fincapé na transmisión de valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constituén a base da vida en común e a participación da comunidade educativa, así como o principio do esforzo compartido que debe realizar o alumnado, as familias, o profesorado, o centro, a administración, as institución e a sociedade no seu conxunto como requisito indispensable para asegurar unha educación de calidade.

Ordes, outubro de 2023

## 1. O CENTRO ESCOLAR E A SÚA CONTORNA.

### 1.1.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO.

DENOMINACIÓN	Ceip A.D.R. Castelao
DOMICILIO	Rúa Paraíso, s/n. Ordes. (A Coruña)
CÓDIGO POSTAL	15680
TELÉFONOS	Secretaría: 881 880 881 Dirección: 881 880 882 Conserxería: 881 880 883
E-MAIL	ceip.castelao.ordes@edu.xunta.gal
PÁXINA WEB	<a href="http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/">http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaoordes/</a>
CÓDIGO CENTRO	15011336
CIF	Q-6555084-J

### 1.2.- NÚMERO DE UNIDADES EN FUNCIONAMENTO.

Segundo a Orde do 30 de Xullo de 2013, (DOG do 8 de agosto), temos as seguintes unidades: 6 unidades en Educación Infantil e 18 unidades en Educación Primaria.

Educación Infantil	06
Educación Primaria	18

### 1.3.- CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABAJO

Educación Infantil (2 son media xornada. Unha é definitiva e outra provisional)	09
Educación Primaria	17
Filoloxía Inglesa	03
Filoloxía Francesa (titora de 2º)	01
Educación Musical	02
Educación Física	02

Pedagogía Terapéutica	02
Audición e Linguaxe	02
Departamento de Orientación	01
Figura RAOGAL	01
<b>Total postos en funcionamento</b>	<b>37</b>
Profesoras de Relixión (unha é itinerante)	02
<b>Total de mestres/as</b>	<b>39</b>

#### 1.4.- SITUACIÓN E CONTORNA DO CENTRO ESCOLAR.

O Centro está ubicado no núcleo urbano da vila de Ordes, moi preto dos accesos á autoestrada. A pesares de non estar no centro da vila, o colexio está moi ben comunicado.

A poboación do noso Centro é de clase media baixa, cunha porcentaxe considerablemente menor da clase media e alta. Conflúen no noso centro alumnado do núcleo urbano da vila de Ordes e alumnado pertencente ás zonas rurais das distintas parroquias do Concello de Ordes.

As profesións dominantes son obreiros, empregados comerciais, empregados da confección, persoas adicadas á agricultura e gandería e, en menor medida, profesionais liberais, funcionarios....

Temos un número importante de inmigrantes, sobre todo de Marrocos. Nos dous últimos anos, houbo un aumento de alumnos/as procedentes de Venezuela e Brasil.

## 2. OBXECTIVOS PRIORITARIOS PARA O CURSO 2023/2024

**1.- Elaborar a presente Programación Xeral Anual segundo o disposto pola Administración Educativa.**

*1.1.- Organiza.*

- Equipo directivo

*1.2.- Desenvolve*

- Claustro de profesores

*1.3.- Recursos:*

- *Propios*

**2.- Colaborar no Proxecto de Mellora de Bibliotecas escolares (PLAMBE) e promover a biblioteca escolar como eixe central das actividades do Centro.**

*1.1.- Organiza*

- Equipo de biblioteca

- Equipo directivo

*1.2.- Desenvolve*

- Claustro de profesores

*1.3.- Recursos*

- Biblioteca

- Centro

**3.- Solicitar a colaboración dos Equipos de Orientación Específicos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o seguimento do alumnado con necesidades educativas especiais que o precise.**

*3.1.- Organiza*

- Equipo directivo

- Departamento de Orientación

*3.2.- Desenvolve:*

- Departamento de Orientación

- Equipo directivo

*3.3.- Recursos*

- Propios

**4.- Favorecer a participación do Centro nos distintos programas de actividades complementarias e extraescolares que lle sexan ofertados pola ANPA, o Concello e outras entidades, sempre que as mesmas se axusten á legalidade vixente e sexan compatibles coas posibilidades organizativas do Centro.**

**4.1.- Organiza**

- Equipo de EACE
- Anpa
- Concello
- Outras entidades

**4.2.- Desenvolve**

- Anpa
- Concello
- Claustro de profesores

**4.3.- Recursos**

- Propios
- Outras entidades

**5.- Promover a formación do profesorado coa realización de grupos de traballo.****5.1.- Organiza.**

- Equipo directivo
- Coordinadores dos grupos de traballo

**5.2.- Desenvolve**

- Profesorado interesado

**5.3.- Recursos.**

- Cafi
- Propios

**6.- Xestionar ante o Concello e a Xefatura Territorial a consecución de melloras de infraestruturas tanto no recinto como nos edificios escolares.****6.1.- Organiza.**

- Equipo directivo

**6.2.- Desenvolve.**

- Equipo directivo

**6.3.- Recursos.**

- Concello
- Consellería

**7.- Favorecer a integración e a atención do alumnado procedente do estranxeiro.****7.1.- Organiza.**

- Departamento de Orientación
- Equipo Directivo

**7.2.- Desenvolve.**

- Departamento de Orientación

- Claustro de profesores

7.3.- *Recursos.*

- Propios

## **8.- Revisar e actualizar conforme á nova lexislación os documentos do centro: plan de convivencia, NOFC, Pec, proxecto lector...**

8.1.- *Organiza.*

- CCP

- Equipo directivo

8.2.- *Desenvolve.*

- Equipo directivo

8.3.- *Recursos*

- Propios

## **9.- Coñecer os propios dereitos e deberes e comprender e respectar os dereitos dos demais co fin de favorecer a convivencia diaria de todos os membros da comunidade educativa.**

9.1.- *Organiza.*

- Equipo directivo

- Departamento de Orientación

9.2.- *Desenvolve.*

- Claustro de profesores/as

9.3.- *Recursos*

- Propios.

## **10.- Potenciar a igualdade entre homes e mulleres.**

10.1.- *Organiza*

- Equipo directivo

- Claustro de profesorea/as

10.2.- *Desenvolve*

- Claustro de profesores/as

10.3.- *Recursos*

- Propios

## **11.- Desenvolver e dinamizar o Proxecto Lingüístico.**

11.1.- *Organiza*

- EDLG

- CCP

- Equipo directivo



- 11.2.- *Desenvolve*
  - Profesorado
  - Familias

- 11.3.- *Recursos*
  - Propios

**12.- Participar no Plan Director para a convivencia e a Mellora da Seguridade nos centros educativos.**

- 12.1.- *Organiza*
  - Departamento de Orientación

- 12.2.- *Desenvolve*
  - Profesorado de 5º e 6º
  - Familias

- 12.3.- *Recursos*
  - Propios
  - Garda Civil

**13.- Desenvolver o plan de igualdade.**

- 13.1.- *Organiza*
  - Equipo Directivo

- 13.2.- *Desenvolve.*
  - Equipo directivo
  - Claustro de profesores

- 13.3.- *Recursos.*
  - Propios

### 3.- XORNADA ESCOLAR.

#### 3.1.- CALENDARIO DO CURSO ESCOLAR.

O calendario escolar polo que se rexe o Centro é o establecido na Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### 3.2.- XORNADA ESCOLAR DO CENTRO E ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERIORES.

As actividades escolares realizaranse de luns a venres do xeito seguinte:

➤ **Etapa de educación infantil:**

Horario lectivo en xornada continuada de mañá de 5 horas diarias, de 9:00 horas a 14:00 horas.

A distribución horaria nas aulas é flexible, non se contempla a súa distribución por áreas dado o carácter globalizado do modelo curricular desta etapa. Inclúense actividades que permitan respectar os ritmos de actividade, de xogo e o descanso dos nenos e das nenas.

O alumnado de 4º de educación infantil incorporárase de forma gradual, tal e como se detalla no anexo I.

➤ **Etapa de educación primaria:**

Horario lectivo en xornada continuada de mañá de 5 horas diarias, de 9:00 horas a 14:00 horas.

A distribución horaria das actividades escolares nesta etapa efectúase de acordo co sinalado no *DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

➤ **Comedor escolar:**

Funciona todos os días lectivos, de luns a venres, de 14.00 horas a 15:00 horas.

➤ **Actividades extraescolares:**

Están organizadas e xestionadas pola ANPA e polo Concello. Figuran na presente PXA e funcionan todos os días lectivos, de 15:30 a 17:30, excepto os martes, que se realizan de 15:00 a 17:00 horas.

Os **criterios para a elaboración dos horarios**, aprobados polo Claustro, son os seguintes:

- En primeiro lugar, elabórase o horario do Equipo Directivo, reservando una sesión semanal para a coordinación do mesmo.
- A continuación elabóranse os horarios do profesorado especialista.

- No caso de Educación Física e Psicomotricidade terase en conta que comparten pavillón e ximnasio.
- Na medida do posible, as áreas impartidas polos especialistas, distribuiranse ao longo da semana de xeito equilibrado.
- Tamén na medida do posible todos os cursos do mesmo nivel, terán as horas de especialidades seguidas.
- Procurarse que os titores e titoras teñan docencia nas súas aulas na cuarta sesión (hora de ler) polo menos tres días a semana.
- Cada titor/a elaborará o horario da súa titoría unha vez recibido o horario dos especialistas. Por razóns pedagóxicas e de mellor rendemento, procurarase que as áreas de lingua galega, lingua castelá e matemáticas ocupen as primeiras sesións do horario.
- Os horarios dos especialistas en PT e AL estableceranse tendo en conta as necesidades específicas de apoio educativo existentes no centro.
- horario de todo o profesorado será elaborado tendo en conta as necesidades do centro, tales como gardas de substitución, coordinacións, biblioteca....
- A área de Valores Sociais e Cívicos/Proxecto competencial/atención educativa será impartida polos titores ou por outro profesorado, segundo as necesidades educativas e organizativas do centro.

### **Organización e criterios para o establecemento de apoios ao alumnado por parte do profesorado con disposición horaria.**

Segundo as necesidades detectadas polos titores e titoras, unha vez iniciado o curso escolar, e valoradas polo Departamento de Orientación, organizáronse os distintos apoios ao alumnado con distintas dificultades educativas.

Dende o Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos, adxudicáronse ditos apoios entre o profesorado tendo en conta, na medida do posible, o horario do alumnado a apoiar, o equilibrio do cadro de gardas e o profesorado con disposición horaria.

### **Organización da vixianza e funcións durante os recreos:**

Respectando a ratio establecida na *Orde do 22 de Xullo de 1997, pola que se regula a organización e funcionamento das escolas de educación infantil e primaria*, o profesorado de vixianza nos recreos quedará da seguinte maneira:

- No patio de Educación Infantil: 6 profesores/as (de luns a xoves) e 8 (os venres).
- No patio de 1º e 2º: 3 profesores/as
- No patio de 3º, 4º, 5º e 6º: 5 profesores/as.

Os grupos de vixilancia quedan tal e como podemos ver no anexo II

As funcións durante os recreos son as seguintes:

- Evitar agresións, malos modos e xogos violentos.
- Atender aos feridos e lesionados.
- Vixiar e evitar o lanzamento de obxectos.
- Atender as demandas dos alumnos/as.
- Controlar o acceso do alumnado ao interior do edificio: baños, aulas...
- Ordenar e dirixir as entradas do alumnado no edificio.

### **Organización das entradas e saídas do alumnado transportado:**

Segundo o establecido na *Orde 23 de xuño de 2011 da Consellería de Educación*, temos establecido para este curso escolar quendas de mestres/as para a atención do alumnado usuario do transporte escolar.

Temos establecido cinco zonas de vixilancia: as dúas entradas ao Centro, o patio de Educación Infantil, o patio de 1º e 2º curso de Educación Primaria e o patio de 3º, 4º, 5º e 6º de educación Primaria. Cada unha destas zonas estará vixiada por dous ou tres profesores.

A atención á saída do alumnado transportado, estará a cargo do persoal colaborador do comedor escolar.

O horario de vixilancia do alumnado transportado é de 8:50 horas a 09:00 horas.

### **Organización dos espazos interiores:**

**Aulas titoriais:** A súa situación no centro pódese observar nos anexos que figuran na presente PXA.

**Aula de informática:** Está situada no primeiro andar. O seu uso está a disposición de todo o profesorado que o demande, así como para a realización de actividades extraescolares, se fora o caso.

**Biblioteca:** A encargada da biblioteca é M<sup>a</sup> José Sánchez, profesora/titora de 1ºB de Educación Primaria. Ten unha liberación semanal de catro horas para levar a cabo a xestión da biblioteca e a organización da mesma. Tamén contamos cun equipo de biblioteca formado por varios profesores/as que colaboran no bo funcionamento da mesma. O seu uso está a disposición do alumnado e dos profesores que o demanden.

### **3.3.- HORARIOS**

Quendas de recreo de Educación Infantil e Educación Primaria (ver anexo II).

Cadro de gardas de entrada (ver anexo III).

Cadro de gardas de tarde (ver anexo IV)

## 4.- ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA:

### 4.1.- ALUMNADO:

➤ DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO

#### EDUCACIÓN INFANTIL

GRUPOS	ATENCIÓN EDUCATIVA	RELIXIÓN	TOTAL
4º A	16	5	21
4º B	12	8	20
5º A	11	10	21
5º B	15	7	22
6º A	13	11	24
6º B	10	14	24
TOTAL	77	55	132

#### EDUCACIÓN PRIMARIA

GRUPOS	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS ou PROXECTO COMPETENCIAL	RELIXIÓN	TOTAL
1º A	11	11	22
1º B	13	08	21
1º C	08	14	22
2º A	07	12	19
2º B	12	07	19
2º C	05	13	18
3º A	05	14	19
3º B	10	08	18
3º C	08	10	18
4º A	07	13	20
4º B	03	17	20
4º C	07	13	20

5º A	04	15	19
5º B	07	12	19
5º C	06	13	19
6º A	06	16	22
6º B	05	17	22
6º C	09	13	22
<b>TOTAL</b>	<b>133</b>	<b>226</b>	<b>359</b>
<b>COLEXIO</b>	<b>210</b>	<b>281</b>	<b>491</b>

➤ **CRITERIOS DE AGRUPAMENTO:**

Para facer os agrupamentos dos/as alumnos/as, tivemos en conta os seguintes **criterios**:

❖ Orde alfabética:

4º de EI e 3º de EP: orde alfabética en vertical

1º e 5º de EP: orde alfabética horizontal.

❖ Atención educativa en Educación Infantil e valores sociais e cívicos en Educación Primaria, en todos os grupos.

❖ Na medida do posible, mesmo número de nenos e nenas nos grupos.

❖ O alumnado con NEAE e repetidores, distribuirase na CCP tendo en conta a opinión do/a titor/a e do Departamento de Orientación.

❖ Excepcionalmente, e solicitado polo equipo docente e oído o Departamento de Orientación, pódese ubicar a algún alumno/a na aula que mellor se adapte ás súas características.

❖ Un tercio de cada aula, sempre vai xunto.

❖ Cando chega un/unha novo/a alumno/a, unha vez iniciado o curso escolar, será integrado na aula que teña menor número de alumnos/as nese momento.

➤ **ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO.**

A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo está recollida no Plan de Orientación (incluído nesta PXA) e no Plan de Atención á Diversidade, aprobado no curso 2014/2015, segundo a lexislación vixente.

## 4.2.- PROFESORADO

➤ **ORGANIZACIÓN DAS HORAS COMPLEMENTARIAS FIXAS DA TARDE**

As horas complementarias fixas do profesorado que non coinciden co horario lectivo do alumnado, contempladas nas Instrucións da Inspección Educativa do 7 de setembro de 2007, distribúense tódolos martes lectivos do curso e da seguinte forma:

	1º MARTES	2º MARTES	3º MARTES	4º MARTES
DE 15:30 A 16:30	Reunión de: TICS EACE EDLG Biblioteca	Reunión de ciclo/niveis	Reunión de: CCP	Traballo persoal do profesorado
De 16:30 a 17:30	ATENCIÓN ÁS FAMILIAS (Agás nas sesións de Claustro)			
De 17:30 a 18.30	Reunión departamento de Orientación Traballo persoal do profesorado			

➤ **ORGANIZACIÓN DAS HORAS COMPLEMENTARIAS NON FIXAS DA TARDE:**

Dacordo coas Instrucións da Inspección Educativa enriba citadas, as horas complementarias non fixas, de cómputo mensual, dedicaranse a:

- a) Reunións do Consello Escolar, Xuntas de Avaliación, proxectos de formación no centro, grupos de traballo, cursos...
- b) De luns a venres, agás os martes, dous profesores en quendas organizadas pola Xefatura de Estudos, permanecerán no Centro de 15.30 a 17.30 horas da tarde, para atender ao funcionamento da Biblioteca.



➤ **PROFESORADO POR ORDE DE ANTIGÜIDADE NO CENTRO**

Orde	Apelidos e nome	Sit. Admin,	Titoría (función)
01	Meijide Gestal, M. <sup>a</sup> Belen	D.D	L.inglesa: 6º e Plástica: 3º, 4º, 5º e 6º
02	Carballeiro Prieto, M. <sup>a</sup> José	D.D	6º B
03	Brea Rodríguez, M. <sup>a</sup> José	D.D	6º C
04	Docampo Pardo, M. <sup>a</sup> del Carmen	D.D	6º Educ. Inf. B
05	Seoane Pérez, M. <sup>a</sup> Adela	D.D	Música primaria
06	Pais Currais, M. <sup>a</sup> Jesús	D.D	3ºC
07	Escariz Mariño, M. <sup>a</sup> Dolores	D.D	6ºA
08	Quinteiro Vieites, José	D.D	5ºB
09	López Regueiro, Patricia	D.D	4ºC
10	López Presedo, Ignacio	D.D	E.Física: 4º, 5º 6º
11	Berdomás Pérez, M. <sup>a</sup> Consolación	D.D	E. Física: 1º, 2º, 3º
12	Gende Rial, M. <sup>a</sup> Luz	D.D	4ºA
13	Brandariz Castro, Alba M <sup>a</sup>	D.D	3ºA
14	López López, M. <sup>a</sup> Isabel	D.D	RAOGAL
15	Vázquez Banet, Noa	D.D	1º C
16	López Poceiro, M. <sup>a</sup> Yolanda	D.D	3ºB Xef.Estudos
17	Sánchez Pampín, M. <sup>a</sup> José	D.D	1ºB
18	Grela Veiras, M. <sup>a</sup> Begoña	D.D	Atención educativa Inf. Dirección
19	Lozano Muñoz, Beatriz	D.D	Psicomotricidade. Apoio Inf,
20	Mourelle Mato, M. <sup>a</sup> Isabel	D.D	Pedagogía Terapéutica
21	Abucide Castelao, Lucía	D.D	4º Educ. Infantil B
22	Rivas Iglesias, Alba	D.D	6º Educ. Infantil A
23	Fernández García, M <sup>a</sup> Victoria	D.D	4ºB
24	Beis López, Lucía	D.D	5º Educ. Infantil A
25	Rodríguez Otero, Alba	D.D	Orientación
26	Salvado Lemos, Raquel	D.D	5º Educ. Infantil B
27	Rey Castromil, Catalina	D.D	2ºC

28	Cancela Montes, Alberto	D.D.	Música Inf, Lingua Galega 3ºB, PC 3ºB e 4ºC
29	Gómez Ríos, Mª del Carmen	D.D.	1ºA
30	Rey Álvarez, Begoña	D.D.	4º Educ. Infantil A
31	González García, María	D.D.	L.inglesa: 5º E 6º E.I. 3º e 4º E.P.
32	Piñeiro Caamaño, María	D.P.	L.inglesa:4º E.I. e 1º, 2º e 5º E.P.
33	Sampayo Doval, Úrsula	D.P.	2ºA
34	Manrique Velayos, Clara	D.P.	2ºB
35	Fernández Cernadas, Lorena	D.P.	5ºC
36	Castro Roa, Mónica	D.P.	Pedagogía Terapeutica
37	Mª Teresa García Mato	D.P.	5ºA
38	Alba Ben Valle	D.P.	Audición e Linguaxe
39	Mª Carmen Martínez Rojas	D.P.	Apoio infantil
40	García Grobas, M.ª Jesús	D.D.	Relixión: infantil, 1º, 2º e 3º de EP
41	Núñez Álvarez, Fátima	D.D.	Relixión: 4º, 5º e 6º de EP

NOTAS: D:D: Destino definitivo; D.P.- Destino provisional

### 4.3.- OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO

#### a) Linguas estraxeirias:

O Centro oferta inglés e francés, non habendo na actualidade alumnado de francés.

#### b) Relixión:

Das distintas ensinanzas relixiosas, o Centro só oferta a de relixión católica para o que contamos con dúas mestras especialistas nomeadas pola Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Destas dúas profesoras, unha é itinerante e a outra profesora conta cunha liberación sindical.

#### c) Atención Educativa/Valores cívicos e sociais/Proxecto Competencial.

Para o alumnado que non opta pola ensinanza de Relixión, impártase Atención Educativa para os cursos de Educación Infantil e Proxecto Competencial para os cursos de Educación Primaria. Normalmente é o mestre/a titor/a quen imparte estas ensinanzas.

## 4.4.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.

### 4.4.1.- COORDINADORES DE CICLO E EQUIPOS.

APELIDOS E NOME	COORDINACIÓN/DINAMIZACIÓN
Rivas Iglesias, Alba	Infantil
Vázquez Banet, Noa	1º ciclo
Núñez Álvarez, Fátima	2º ciclo
López Presedo, Ignacio	3º ciclo
Sánchez Pampín, María José	Biblioteca
López Presedo, Ignacio	EDLG
Fernández García, M. <sup>a</sup> Victoria	EACE
Cancela Montes, Alberto	TICS
Piñeiro Caamaño, María	Seccións bilingües

### 4.4.2.- EDUCACIÓN INFANTIL

#### OBXECTIVOS:

- Fomentar a formación do profesorado en materia educativa.
- Participar en plans e proxectos de innovación educativa.
- Solicitar novos materiais á Consellería de Educación, ó Concello de Ordes e ás distintas institucións educativas.
- Autoavaliar a nosa práctica docente e establecer as melloras oportunas.
- Establecer mecanismos de retroalimentación e traballo en equipo co fin de favorecer o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Formar ó equipo en nocións básicas na atención ó alumnado con diabetes
- Participar activamente e de forma coordinada no PDI do centro

**COMPONENTES:**

PROFESOR/A	TITORÍA/MATERIA
Begoña Rey Álvarez	3 anos A
Lucía Abucide Castelao	3 anos B
Lucía Beis López	4 anos A
Raquel Salvado Lemos	4 anos B
Alba Rivas Iglesias	5 anos A
M. <sup>a</sup> del Carmen Docampo Pardo	5 anos B
Lozano Muños, Beatriz	Psicomotricidade e apoio
Grela Veiras, M. <sup>a</sup> Begoña	Atención Educativa e apoio
Cancela Montes, Alberto	Música e apoio
Martínez Rojas, M <sup>a</sup> Carmen	Apoio
Rodríguez Otero, Alba	Orientadora
<b>Coordinadora: Rivas Iglesias, Alba</b>	

**CALENDARIO DE REUNIÓN.**

Ordinarias: Segundos martes de cada mes, en horario de 15.30 a 16.30 horas

Extraordinarias: Todas aquelas que se precisen.

**SAÍDAS DIDÁCTICAS E CELEBRACIÓNS PREVISTAS PARA O ACTUAL CURSO 2023/2024.**

Como saída de fin de curso propóñense dúas granxas escola, a de “O Ventoso” en Laracha, e “Coven-tina” en Carral. Nos próximos días a coordinadora poñerase en contacto para coñecer tódolos datos e poder reservar canto antes.

Ademais disto, agardamos poder acceder a algún dos concertos didácticos propostos pola consellería, así como preparar outras actividades, tanto dentro coma fora do centro que sexan interesantes e acordos coas temáticas que esteamos a traballar.

**REPRESENTANTES DOS DISTINTOS EQUIPOS.**

<b>BIBLIOTECA</b>	Begoña Grela Veiras Begoña Rey Álvarez
<b>EDLG</b>	Alba Rivas Iglesias Lucía Beis López) Raquel Salvado Lemos.
<b>EACE</b>	M <sup>a</sup> Carmen Docampo Pardo Beatriz Lozano Muñoz.

<b>TICS</b>	Alberto Cancela Montes Lucía Abucide Castelao Alba Rodríguez Otero
-------------	--

### LISTA DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO PARA O CURSO 2023-2024:

Tódalas persoas que compoñeen este equipo estamos agardando para coñecer cales son as formacións que se van levar a cabo neste curso no centro. Ademais disto, as persoas seguintes están anotadas para as formacións que se especifican a continuación:

- Lucía Beis López:
  - Formación para a acreditación da competencia dixital docente nas áreas 5 e 6 do nivel B1
  - Planificación do proceso de ensino e aprendizaxe a través de PROENS. Educación infantil e primaria.
- Maricarmen Docampo:
  - Formación para a acreditación da competencia dixital docente no nivel B2

## 4.4.3.- EDUCACIÓN PRIMARIA

### PRIMEIRO CICLO:

#### OBXECTIVOS.

- Traballar na consecución de hábitos, actitudes e valores afectivo-sociais.
- Coordinarse entre os mestres de equipo, así coma cos distintos órganos de coordinación do centro (equipo directivo, CCP, DO, EACE, EDLG, TICS e Biblioteca).
- Aproveitar os recursos materiais da aula e do centro.
- Fomentar as relacións da escola coas familias e con outros profesionais que atenden ao alumnado, intentando establecer unha actitude positiva para estimular a mellora do rendemento académico do alumnado e favorecer o seu desenvolvemento en todos os ámbitos.
- Traballar na atención á diversidade do alumnado mediante a realización de seguimentos individualizados en colaboración co profesorado especialista de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica, no seu caso; mediante a elaboración de actividades de apoio/reforzo para o alumnado fomentando os procesos de aprendizaxe dos alumnos/as.

**COMPOÑENTES.**

PROFESOR/A	TITORÍA/MATERIA
Gómez Ríos, M. <sup>a</sup> Carmen	1º A
Sánchez Pampín, M. <sup>a</sup> José	1º B
Vázquez Banet, Noa	1º C
Sampayo Doval, Úrsula	2ºA
Manrique Velayos, Clara	2ºB
Rey Castromil, Catalina	2ºC
Grobas García, M. <sup>a</sup> Jesús	Relixión
Mourelle Mato, M. <sup>a</sup> Isabel	Pedagogía Terapéutica
Piñeiro Caamaño, María	Especialista en lingua estranxeira: inglés.
<b>Coordinadora: Vázquez Banet, Noa</b>	

**CALENDARIO DE REUNIÓNS.**

Ordinarias: Segundos martes de cada mes, en horario de 15.30 a 16.30 horas

Extraordinarias: Todas aquelas que se precisen.

**SAÍDAS DIDÁCTICAS E CELEBRACIÓNS PREVISTAS PARA O ACTUAL CURSO 2023/2024**

Celebraranse as conmemoracións establecidas na Orde do calendario do curso 2023/24, pola que se aproba o calendario escolar para o presente curso.

Realizaranse as saídas acordadas nas vindeiras reunións do ciclo. Acórdase programar mínimo unha saída por trimestre.

**REPRESENTANTES DOS DISTINTOS EQUIPOS.**

<b>BIBLIOTECA</b>	M. <sup>a</sup> Jesús García Grobas María Carmen Gómez Ríos. María José Sánchez Pampín Noa Vázquez Banet
-------------------	---

<b>EDLG</b>	Clara Manrique Velayos María Isabel Mourelle Mato
<b>EACE</b>	Úrsula Sampayo Doval
<b>TICS</b>	María Piñeiro Caamaño Catalina Rey Castromil

### LISTA DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO PARA O CURSO 2022-2023

- Xornadas Bibliotecas escolares: M<sup>a</sup> José Sánchez e M<sup>a</sup> Carmen Gómez.

O resto dos membros do equipo patricularán nos diferentes cursos de formación ofertados polo CAFI e polo centro.

## SEGUNDO CICLO

### OBXECTIVOS

- Revisar e modificar, se é necesario, a Concreción Curricular, así como elaborar as programacións de aula para o presente curso en base á mesma.
- Colaborar co departamento de Orientación na detección de dificultades no proceso de aprendizaxe e en todo aquilo no que se demande a participación do equipo.
- Valorar a organización e participación nas actividades propostas polos diferentes equipos (Biblioteca, EACE, EDLG,...)
- Unificar criterios para as reunións coas familias
- Fomentar o hábito lector entre o alumnado do nivel, programando e deseñando actividades motivadoras e participando nas que se propoñan dende os diferentes equipos, sempre que se consideren axeitados.
- Atender á diversidade do alumnado tendo en conta as súas características individuais, as diferenzas no ritmo de aprendizaxe, así como os seus intereses e motivacións.
- Fomentar a colaboración das familias no proceso de aprendizaxe do alumnado. Insistir no cumprimento das normas de convivencia do Centro para favorecer o bo funcionamento de toda a comunidade educativa.
- Insistir no cumprimento das normas de convivencia do Centro para favorecer o bo funcionamento de toda a comunidade educativa

**COMPOÑENTES:**

PROFESOR/A	TITORÍA/MATERIA
Brandariz Castro, Alba M <sup>a</sup>	3º A
López Poceiro, M. <sup>a</sup> Yolanda	3º B
Pais Curráis, M. <sup>a</sup> Jesús	3ª C
Gende Rial, M. <sup>a</sup> Luz	4ºA
Fernández García, M. <sup>a</sup> Victoria	4ºB
López Regueiro, Patricia	4ºC
González García, María	Lingua estranxeira (Inglés)
Berdomás Pérez, M. <sup>a</sup> Consolación	Educación Física
Núñez Álvarez, Fátima	Relixión
<b>Coordinadora: Núñez Álvarez, Fátima</b>	

**CALENDARIO DE REUNIÓNIS:**

Ordinarias: Segundos martes de cada mes, en horario de 15.30 a 16.30 horas

Extraordinarias: Todas aquelas que se precisen.

**SAÍDAS DIDÁCTICAS E CELEBRACIÓNIS PREVISTAS PARA O ACTUAL CURSO 2022/2023:**

Celebraranse as conmemoracións establecidas na Orde do 3 de maio do 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O desenvolvemento e participación nas diferentes actividades quedará a expensas da oferta que vaia xurdindo e dos acordos tomados polo claustro e os respectivos equipos de nivel ao longo do curso 2023/24. Participárase en todas aquelas actividades organizadas dende o equipo de EACE, EDLG, biblioteca, tics, equipo de ciclo... que cada titor/a considere oportunas.

Así mesmo, estudaranse as diferentes ofertas de actividades culturais e educativas e cada membro do equipo decidirá a súa participación naquelas que sexan máis enriquecedoras para o alumnado

**REPRESENTANTES DOS DISTINTOS EQUIPOS:**

BIBLIOTECA	Fátima Núñez Álvarez M. <sup>a</sup> Jesús Pais Curráis.
EDLG	María González García M. <sup>a</sup> Consolación Berdomás Pérez
EACE	Patricia López Regueiro



	M. <sup>a</sup> Victoria Fernández García
TICS	M. <sup>a</sup> Luz Gende Rial Alba M. <sup>a</sup> Brandariz Castro
BENESTAR	M. <sup>a</sup> Yolanda López Poceiro

### LISTA DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO PARA O CURSO 2022-2023:

- Continúase co plan Dixital. -Todo o centro participa no Plan de Educación Responsable. -O profesorado anotarase, ao longo do curso 2023/2024, a toda aquela actividade de formación que considere oportuna e lle resulte enriquecedora

## TERCEIRO CICLO

### OBXECTIVOS:

Os obxectivos de ciclo/nivel para o curso 2023/2024 foron elaborados tendo en conta a situación actual e son os seguintes:

- Coordinarse entre os/as mestres/as do equipo docente.
- Colaborar co equipo directivo naqueles asuntos que se demanden.
- Revisar e modificar a concreción curricular de ciclo/nivel conforme á lei e a normativa vixente.
- Colaborar co departamento de orientación na detección de dificultades no proceso de aprendizaxe e en todo aquilo que se demande a participación do equipo.
- Propoñer, organizar, colaborar, participar e valorar o desenvolvemento das actividades propostas polos diferentes equipos( EACE, EDLG, Biblioteca e TIC`s).
- Unificar criterios para as reunións coas familias.
- Traballar na consecución de hábitos, incidindo de maneira especial nos hábitos de saúde e hixiene, actitudes e valores afectivos e sociais.
- Atender á diversidade do alumnado, tendo en conta as súas características individuais, as diferenzas no ritmo de aprendizaxe, así como os seus intereses e motivacións.
- Fomentar a relación e colaboración coas familias e outros/as profesionais para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.
- Valorar ofertas, programar e deseñar actividades didácticas complementarias, integrándoas e fomentándoas entre o alumnado e as familias.
- Aproveitar os recursos materiais da aula e do centro.

- Insistir no cumprimento de normas de entradas, saídas e desprazamentos co profesorado corespondente polo centro para favorecer a convivencia no mesmo.
- Promover o uso responsable das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Potenciar no alumnado a competencia dixital a través do coñecemento e aprendizaxe do uso de software básico instrumental e utilízalo como ferramenta para a realización e presentación de traballos das distintas áreas.

### COMPOÑENTES.

PROFESOR/A	TITORÍA/MATERIA
García Mato, M. <sup>a</sup> Teresa	5º A
Quinteiro Vieites, Jose	5ºB
Fernández Cernadas, Lorena	5ºC
Escariz Mariño, M. <sup>a</sup> Dolores	6ºA
Carballeiro Prieto, M <sup>a</sup> José	6ºB
Brea Rodríguez, M. <sup>a</sup> José	6ºC
Meijide Gestal, M. <sup>a</sup> Belén	Lingua Inglesa
López Presedo, Ignacio	Educación Física
Seoane Pérez, Adela	Educación Musical
Castro Roa, Mónica	Pedagogía Terapéutica
<b>Coordinadora: López Presedo, Ignacio</b>	

### CALENDARIO DE REUNIÓN.S.

Ordinarias: Segundos martes de cada mes, en horario de 15.30 a 16.30 horas

Extraordinarias: Todas aquelas que se precisen.

### SAÍDAS DIDÁCTICAS E CELEBRACIÓNS PREVISTAS PARA O ACTUAL CURSO 2021/2022.

Acórdase que se irá analizando e valorando a oferta que vai xurdindo ao longo do curso e decidindo sobre a realización daquelas actividades que se consideren máis axeitadas para o alumnado.

Adela (Música) informa de que foi realizada a solicitude dos concertos didácticos do Concello de Santiago de Compostela para os curso de 5º e 6º nivel.

En relación á oferta recibida da actividade “Coñece ás túas institución” (visita ao Parlamento e á Xunta de Galicia) acórdase solicitar a mesma para 5º nivel, polo que se procederá á xestión da mesma por parte do coordinador.

Lémbrese da importancia de ir valorando as posibles opcións de cara a saída didáctica de fin de curso, co obxectivo de poder xestionar a mesma co tempo suficiente como para fixar a data que mellor se adapte ás necesidades organizativas do noso centro e aos intereses do nivel.

Dende 6º nivel infórmase da intención de que a saída de fin de curso sexa ás instalación de Fervenzaventura (Silleda) e que polo tanto se realice por parte do coordinador a xestión de reserva da mesma e do servizo de transporte para as datas do mércores 19 ou xoves 20 de xuño de 2024.

Infórmase que dende a área de Ed. Física contémpírase a posibilidade de participar co alumnado do ciclo (5º e 6º nivel) no “Programa XOGADE” de Deporte en Idade Escolar da Xunta de Galicia, ao igual que se fixo en cursos pasados, aínda que de momento non é posible concretar as modalidades nas que se participará; tendo en conta que en cursos anteriores as actividades realizadas viñan sendo: Campo a Través, Bádminton e Atletismo en Pista.

#### **REPRESENTANTES DOS DISITINTOS EQUIPOS.**

BIBLIOTECA	M. <sup>a</sup> José Brea Rodríguez Teresa García Mato
EDLG	Ignacio López Presedo M. <sup>a</sup> Belén Mejjide Gestal M. <sup>a</sup> José Carballeiro Prieto
EACE	Mónica Castro Roa Lorena Fernández Cernadas M. <sup>a</sup> Dolores Escariz Mariño
TICS	M. <sup>a</sup> Adela Seoane Pérez José Quinteiro Vieites

#### **LISTA DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO PARA O CURSO 2023-2024.**

Valorarase a participación naquelas actividades formativas que xurdan ao longo do curso escolar e que melloren o proceso de aprendizaxe do alumnado e a atención á diversidade. Tamén se prevé participar nas formacións relacionadas coa aplicación informática PROENS en vista ao cambio na normativa educativa.

#### 4.4.4.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

##### OBXECTIVOS.

- Promover a revisión e actualización dos documentos do centro: NOFC, PEC, Plan de convivencia, Proxecto lector....
- Actualización dos criterios mínimos de promoción de nivel.
- Traballar en colaboración co equipo de biblioteca para desenvolver o PLAMBE e todas aquelas iniciativas en prol do fomento da lectura.

##### COMPONENTES.

PROFESOR/A	REPRESENTANTES
Grela Veiras, M. <sup>a</sup> Begoña	Directora
López Poceiro, M. <sup>a</sup> Yolanda	Xefa de Estudos
Rivas Iglesias, Alba	Educación Infantil
Vázquez Banet, Noa	1º ciclo
Núñez Álvarez, Fátima	2º ciclo
López Presedo, Ignacio	3º ciclo e EDLG
Castro Roa, Mónica	Pedagogía Terapéutica e representante de 3º ciclo
Ben Valle, Alba	Audición e Linguaxe
Mourelle Mato, M. <sup>a</sup> Isabel	Pedagogía Terapéutica
Sánchez Pampín, María José	Equipo de Biblioteca Escolar
<b>Secretaria e xefa do departamento de orientación:</b> Alba Rodríguez Otero	

##### CALENDARIO DE REUNIÓN.S.

- Ordinarias: Preceptivamente unha a principio de curso e outra ao final de curso. Temos establecido no noso horario, reunións todos os terceiros martes de cada mes en horario de 15.30 a 16.30 horas.
- Extraordinarias: todas aquelas que se consideren necesarias.
-

### 4.4.5.- BIBLIOTECA

#### OBXECTIVOS.

- Desenvolver no alumnado as competencias, habilidades e estratexias que lle permitan converterse en lectores/as capaces de comprender, interpretar e manexar distintos soportes e textos.
- Mellorar o hábito lector e potenciar a mellora da competencia lectora dende tódalas áreas, materias e, no seu caso, ámbitos do currículo, tendo en contas es especificidades da cada unha delas.
- Potenciar o uso das bibliotecas de aula para favorecer a autonomía lectora e a consecución do hábito lector a través da lectura nas diferentes áreas.
- Favorecer que a competencia lectora se converta en elemento prioritario e asunto colectivo de toda a comunidade escolar do CEIP ADR Castela de Ordes.
- Dotar este espazo de fondos bibliográficos (en todos os soportes) tanto para a actualización didáctico-pedagóxica do profesorado como para elemento de consulta.
- Realizar actividades encamiñadas á compensación de desigualdades sociais.
- Relacionar a biblioteca do centro e outras bibliotecas da zona, tanto a nivel físico (con visitas) como virtual (a través dos espazos multimedia).
- Informar sobre as novidades que vaian xurdindo en literatura infantil, convocatorias de concursos...dende o taboleiro de anuncios da biblioteca e pediranse achegas a través dunha caixa de suxestións.
- Revisar a actualizar o Proxecto Lector así como o Plan de lectura Anual.
- Actualizar o Blog para a difusión de actividades, exposición de traballos do alumnado, fomento da lectura...; en suma, seguir facendo visible a toda a comunidade educativa todo aquilo que se leva a cabo a través da Biblioteca Escolar.
- Continuar ca colaboración do alumnado do terceiro ciclo de Primaria como voluntarios da biblioteca realizando funcións de empréstito, colocación de libros nos andeis, axudando aos demais usuarios a resolver dúbidas...
- Despois dunha pequena toma de contacto ca Radio no curso pasado pretendemos implantala no centro.

#### De forma máis concreta, as actuacións no presente curso 2023/2024 serán as seguintes:

- Intentaremos seguir as actividades relacionadas coa lectura, complementando as diferentes conmemoracións que se celebren no centro, sempre que se poidan facer nas aulas ou na paxina web.
- Continuaremos buscando unha participación máis activa das familias nas actividades da biblioteca.
- Seguiremos levando a cabo a xestión e organización da mesma centrándonos nos criterios comúns de catalogación, así como a continuidade da **Comisión para a adquisición de novos fondos para a biblioteca**, co fin de establecer unha serie de criterios para a compra dos mesmos.

**COMPONENTES DO EQUIPO.**

<b>PROFESOR/A</b>	<b>REPRESENTACIÓN</b>
Begoña Grela Rey Begoña Rey Álvarez	Educación Infantil
M. <sup>a</sup> Jesús García Grobas María José Sánchez Pampín Noa Vázquez Banet M. <sup>a</sup> Carmen Gómez Ríos	1º ciclo
Fátina Núñez Álvarez M. <sup>a</sup> Jesús Pais Curráis.	2º ciclo
M. <sup>a</sup> José Brea Rodríguez M. <sup>a</sup> Teresa García Mato	3º ciclo
<b>Coordinadora: M.<sup>a</sup> José Sánchez Pampín</b>	

**CALENDARIO DE REUNIÓN.**

- Ordinarias: todos os cuartos martes, en horario de 15.30 a 16.30 horas.
- Extraordinarias: todas aquelas que o equipo considere necesarias

#### 4.4.6- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

##### OBXECTIVOS:

- a) Revisar e actualizar o Proxecto de Fomento do Uso do Galego, realizando a Addenda de actualización anual dos datos de contextualización e actividades de programación do Proxecto Lingüístico para a súa incorporación na PXA 2023/2024.
- b) Elaborar o programa anual de actividades establecendo a comunicación necesaria entre os diferentes niveis e o EDLG, para informar, programar, desenvolver, participar e valorar os diferentes actos conmemorativos de promoción da lingua galega a celebrar ao longo do curso.
- c) Informar aos diferentes niveis da oferta de actividades de dinamización da lingua galega recibidas polo equipo: concursos, actos, charlas de autores, exposicións, etc.
- d) Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

##### COMPOÑENTES:

PROFESOR/A	REPRESENTACIÓN
SALVADO LEMOS, RAQUEL RIVAS IGLESIAS, ALBA BEIS LÓPEZ, LUCÍA	EDUCACIÓN INFANTIL
MOURELLE MATO, M <sup>a</sup> ISABEL MANRIQUE VELAYOS, CLARA	1º CICLO ED. PRIMARIA
BERDOMÁS PÉREZ, M <sup>a</sup> CONSOLACIÓN GONZÁLEZ GARCÍA, MARÍA	2º CICLO ED. PRIMARIA
CARBALLEIRO PRIETO, M <sup>a</sup> JOSÉ MEIJIDE GESTAL, M <sup>a</sup> BELÉN LÓPEZ PRESEDO, IGNACIO	3º CICLO ED. PRIMARIA
<b>COORDINADOR: IGNACIO LÓPEZ PRESEDO</b>	

**CALENDARIO DE REUNIÓN:**

- Ordinarias: todos os primeiros martes de cada mes, en horario de 15.30 a 16.30 horas.
- Extraordinarias: todas aquelas que o equipo considere necesarias.

**ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO PARA O CURSO 2023/2024****ÍNDICE**

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. MARCO LEGAL**
- 3. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO**
  - 3.1. CONTEXTO DO CENTRO**
  - 3.2. PROFESORADO E PERSOAL NON DOCENTE DO CENTRO**
  - 3.3. ALUMNADO**
  - 3.4. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO**
- 4. OBXECTIVOS**
- 5. ACTIVIDADES**
- 6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS**
- 7. LINGUAS NAS QUE SE DEBEN IMPARTIR AS ÁREAS**
- 8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓN**
- 9. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO DO GALEGO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS**
- 10. VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA NO CURSO 2022/2023**
  - 10.1. RELACIÓN DE ACTIVIDADES REALIZADAS 2022/2023**
- 11. PROPOSTA DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN PARA O CURSO 2023/2023**
  - 11.1. OBXECTIVOS 2023/2024**
  - 11.2. ACTIVIDADES 2023/2024**
- 12. ANEXOS**
  - 12.1. RESULTADO DA ENQUISA ÁS FAMILIAS DO ALUMNADO DE 4º ED.INFANTIL**



## 1. INTRODUCCIÓN

O recoñecemento do galego como lingua cooficial na comunidade autónoma, que recolle a Constitución Española, xunto coa defensa do dereito a coñecelo e usalo, que se recolle no Estatuto de Autonomía, traducíuse no ensino nun cambio lexislativo.

O sistema educativo ten como obxectivo lingüístico prioritario que os rapaces e rapazas acaden, ao longo da escolaridade obrigatoria unha competencia comunicativa en galego que só se pode conseguir a través da utilización vehicular desta lingua nunha parte significativa do currículo.

Segundo se reflicte no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

Os centros educativos de toda Galicia, temos a oportunidade, e a obriga, de contribuír dun xeito decisivo a este proceso.

Todas as experiencias sinalan que os nenos e as nenas aprenden dúas linguas distintas coa mesma facilidade que se aprendesen unha soa. Especialmente se esas linguas teñen presenza no seu ambiente social.

No CEIP ADR Castelao de Ordes lévase realizado un traballo ao longo dos cursos que contribuíu positivamente a normalizar e regular o uso do galego no ensino, que é o idioma que empregan practicamente a totalidade dos alumnos do noso centro.

## 2. MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- **Lei 3/1983, do 15 de xuño**, de Normalización Lingüística.
- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (vixente para os cursos 2º, 4º e 6º de Ed. Primaria no curso 2022/2023).

- **Lei Orgánica 3/2020**, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE).
- **Decreto 150/2022**, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 155/2022**, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (implantado para os cursos 1º, 3º e 5º de Ed. Primaria no curso 2022/2023).
- **Instrución** para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.
- **Orde do 3 de maio de 2023**, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

### 3. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

#### 3.1. CONTEXTO DO CENTRO

O concello de Ordes ten unha poboación aproximada de 13000 habitantes, dos cales estímase que uns 7200 residen no núcleo urbano.

O C.E.I.P. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao atópase no Concello de Ordes.

O centro está situado na zona leste do casco urbano, nunha das zonas máis altas da vila, xunto ao I.E.S. de Ordes e preto da estrada de circunvalación con acceso á estrada da Coruña, de Santiago de Compostela, de Lugo e á AP-9.

O centro escolariza a alumnos e alumnas do núcleo urbano da vila de Ordes e tamén a unha gran parte de alumnado pertencente ás zonas rurais das distintas parroquias do Concello de Ordes.

O alumnado pertence na súa maioría a familias de nivel socio-económico de clase media con predominio de profesións como: obreiros/as, empregados/as comerciais, empregados/as da confección, agricultores/as, gandeiros/as e, en menor medida, profesionais autónomos, funcionarios/as,...

O CEIP ADR Castelao acolle no curso actual 491 alumnos/as e conta con 24 unidades distribuídas en: 6 unidades de Ed. Infantil (132 alumnos/as) e 18 unidades de Ed. Primaria (359 alumnos/as).

O centro conta con comedor escolar, de xestión directa polo centro que utilizan unha porcentaxe moi alta dos alumnos do centro; conta con arredor de 300 comensais.

Segundo os datos obtidos do Proxecto Educativo do Centro, destacase que o 81% das familias do noso alumnado usan a lingua galega de xeito habitual e o 65% consideran moi axeitado que esa sexa a lingua que maioritariamente use a Comunidade Educativa.

### 3.2. PROFESORADO E PERSOAL NON DOCENTE DO CENTRO

O noso centro conta cun Claustro formado por 40 mestres/as (92,5% mulleres e 7,5% homes).

En relación ao persoal non docente desempeñanse as seguintes funcións:

- ✓ 1 Conserxe.
- ✓ 1 Administrativa
- ✓ 1 Coidadora
- ✓ 4 Persoal de cociña
- ✓ 3 Persoal de limpeza

Tanto a maioría do profesorado como do persoal non docente son galegofalantes, podendo dicir ademais que unha porcentaxe moi alta teñen perfeccionamento da lingua galega.

Salientamos o interese do profesorado por formarse no emprego das TIC, téndose realizado varios cursos de formación no centro.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega estableceu un calendario de reunións mensuais, coincidindo co primeiro martes de cada mes e a maiores celébranse reunións cando se estima preciso.

O EDLG traballa en colaboración cos demais equipos: EACE , Equipo de Biblioteca e Equipo de TIC's.

Na etapa de Educación Infantil, o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, neste caso o galego e coidará de que adquira de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo.

En toda a etapa de Educación Primaria garantírase o cumprimento do establecido para esta etapa no Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

### 3.3. ALUMNADO

A realidade lingüística no noso centro é que estamos a traballar nunha Comunidade Educativa galegofalante dun xeito maioritario, polo tanto, o fomento do uso da lingua galega, entre os alumnos/as dun modo oral, non é necesario. O noso traballo vai enfocado cara a manter as condicións lingüísticas favorables, propoñendo actividades de dinamización que incrementen a vitalidade do galego entre a comunidade escolar.

Dende o punto de vista do alumnado do 5º e 6º Nivel de Educación Primaria, case a totalidade dos alumnos usa o galego como lingua habitual na casa e cos compañeiros e compañeiras, sendo tamén favorables a que lle impartan en galego a maioría das materias.

De calquera xeito, existe neste centro un grupo de alumnos/as ( o mesmo en Ed. Infantil coma en Ed. Primaria) no que a súa lingua materna non é o galego polo que se atenderá de xeito individualizado a aqueles alumnos/as do grupo que non teñan coñecemento suficiente da lingua materna predominante.

Con respecto a presenza de alumnado estranxeiro no centro pódese dicir que temos unha importante presenza de alumnos/as procedentes doutros países: Marrocos, Venezuela, Brasil, Colombia, Perú, Arxentina, República Dominicana, Portugal, Romanía, Ucraia,... , o que obriga a realizar un especial esforzo pola súa parte, a través da utilización de materiais didácticos específicos e co apoio continuo do seu profesorado, para que así poder ir acadando un dominio axeitado da lingua galega e facilitar o seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe propio do nivel no que se atopen.

En canto a situación social do alumnado, pódese dicir que a maioría pertence a contextos familiares de nivel socioeconómico medio.

### 3.4. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

No noso centro, a lingua galega está presente en todas as actuacións administrativas (actas, comunicados, anuncios,...) agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fora da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán.

É tamén a lingua vehicular nas comunicacións ás familias, reunións de órganos colexiados e todo tipo de reunións da comunidade educativa, así como nas relacións coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia

Os rotulados do centro están todos en galego e a lingua empregada polos alumnos/as no contexto educativo é basicamente o galego.

A lingua de aprendizaxe na Ed. Infantil é o galego.

A biblioteca do centro conta con abundantes exemplares en galego e este anos temos previsto aumentalo, se o presuposto o permite, xa que dende o centro organízanse diferentes actividades de animación á lectura.

O centro conta cunha aula de informática. Todos os grupos teñen asignado un horario semanal do que habitualmente fan uso para traballar coas novas tecnoloxías. Contamos con recursos software en galego, especialmente para os niveis máis baixos.

#### 4. OBXECTIVOS

- ✓ Potenciar o uso da lingua galega no centro a través da utilización, promoción e divulgación da mesma en todas as actividades que se leven a cabo no centro.
- ✓ Mellorar a competencia lingüística entre os membros da comunidade educativa.
- ✓ Desenvolver actividades orientadas a eliminar posibles prexuízos detectados no uso da lingua galega.
- ✓ Fomentar o uso da lingua galega tanto nas aulas, coma en todos os ámbitos do centro.
- ✓ Asesorar ao profesorado sobre os materiais existentes en lingua galega para incrementar a súa presenza na actividade docente.
- ✓ Propiciar o uso do galego en todas e cada unha das áreas do currículo.
- ✓ Potenciar e valorar o uso da lingua galega en tódolos aspectos da vida.
- ✓ Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
- ✓ Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade Autónoma.
- ✓ Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
- ✓ Valorar a historia e cultura propias deseñando programas de coñecemento das mesmas.
- ✓ Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas , concursos,...
- ✓ Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.
- ✓ Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a lingua e cultura galegas.

- ✓ Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso.
- ✓ Fomentar o uso das TIC's empregando o galego.
- ✓ Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- ✓ Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante se o houber.
- ✓ Manter e promover relacións abertas co concello, asociacións veciñais, ANPA e outros Equipos de Dinamización da Lingua Galega.
- ✓ Potenciar a visión dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita ás súas actuacións.
- ✓ Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.
- ✓ Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, xeografía, historia, arte, cultura, tradicións,...
- ✓ Revisar o Proxecto Lingüístico do centro.

## 5. ACTIVIDADES

- Emprego da lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, comunicados, avisos, páxina web do centro, blogs,...
- Realización de investigacións sobre historia, lendas, patrimonio etnográfico da nosa contorna e promovendo as visitas a lugares de interese (Museo do Traxe, Casa do Concello, Biblioteca Municipal, Punto de Atención Continuada do Sergas, Oficina de Correos, Punto Limpo,...).
- Información ao profesorado en xeral sobre lugares de interese na nosa contorna e colaborar na programación de visitas didácticas atendendo ao interese paisaxístico, artístico, etnográfico, cultural e mesmo económico.
- Promoción de roteiros de sendeirismo próximos ao centro (Camiño Inglés de Santiago, ruta polo Castro do Casal, Castro da Espenica, Paseo Ramiro Liste,...).
- Revisión e corrección de comunicados, circulares, cartas, etc. por parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, cando así o requira o equipo directivo, ANPA, titores/as... co fin de adaptalos á normativa oficial.

- Asesoramento ao profesorado no cumprimento do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e do resto da lexislación referente ao uso do galego no desenvolvemento das actividades didácticas.
- Promoción da participación no certame literario que habitualmente organiza o Concello de Ordes co gallo da celebración do Día das Letras Galegas.
- Edición e difusión da Revista Escolar: "Retrincos", que se publica anualmente a partir dos traballos realizados en galego ao longo do curso por parte dos nosos alumnos/as. Esta revista realízase en formato papel que se achega ás familias ao final do curso e tamén é publicada na páxina web do centro.
- Participación en concursos literarios (tanto a nivel escrito como orais) organizados por diferentes entidades, e outros que se consideren de interese e promocionen a lingua galega.
- Asistencia a concertos didácticos e obras de teatro que promocionen o uso do galego, sobre todo os que teñan lugar en Ordes ou na súa proximidade (Santiago de Compostela, A Coruña,..).
- Recuperación de xogos populares e tradicionais da zona.
- Promover a visita ao centro de escritores galegos de literatura infantil, de ilustradores e contacontos sempre en coordinación co equipo de dinamización da biblioteca do centro (PLAMBE).
- Realización de actividades de contacontos: por parte dos propios alumnos/as, das familias, do alumnado doutros niveis ou etapas,...
- Ampliación dos fondos da biblioteca, procurando unha literatura en galego atractiva para os nenos/as.
- Adquisición de dicionarios bilingües, ortográficos, de sinónimos, ..., e de gramáticas e léxico galego.
- Realización de actividades en galego utilizando distintos programas informáticos.
- Realización de exposicións de obxectos antigos co fin de dar a coñecer o noso pasado e costumes.
- Visitas de persoas maiores ao centro para dar a coñecer traballos ou oficios tradicionais.
- Continuar actualizando a páxina web do colexio, informando nesta sobre aspectos da dinamización e normalización lingüística.
- Recompilación de cantigas, contos, lendas, ditos, refráns, sortes, vocabulario, fraseoloxía,...

## 6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

### 6.1. Recursos humanos:

- Profesorado.
- Persoal non docente.

Colaboración con outras entidades:

- ANPA.
- Concellería de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Ordes.
- Dirección Xeral de Política Lingüística.
- Outros centros educativos da zona e outros Equipos da Dinamización da Lingua Galega.

### 6.2. Recursos materiais:

- Biblioteca escolar ben dotada: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta, enciclopedias,...
- Bibliotecas de aula.
- Aula de audiovisuais con televisión, vídeo, retroproxeutor, proxeutor de diapositivas... e audioteca.
- Ordenador, proxeutor e pantallas con conexión a internet en todas as aulas de primaria e Ed. Infantil.
- Aula de informática con vinte ordenadores e con conexión a Internet, canón, encerado dixital...
- Fotocopiadora e plastificadora.
- Taboleiro de anuncios.
- Material achegado por distintas institucións sobre dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galega.

## 7. LINGUAS NAS QUE SE DEBEN IMPARTIR AS ÁREAS

Na nosa contorna galego falante o reto segue a ser que os alumnos consoliden unha competencia plena na súa lingua materna, non abandonen o seu uso e que acaden unha boa competencia a nivel oral e escrito. Así mesmo é fundamental que adquiran tamén unha competencia plena na outra lingua oficial, tanto a nivel oral como escrito. Consideramos ademais que a introdución da segunda lingua (no noso caso,



a lingua castelá) debe ser inicialmente no plano oral como paso previo antes de iniciar a escrita, aspecto a ter en conta sobre todo na Educación Infantil.

### **Etapa de Educación Infantil**

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no noso centro, na etapa de Educación Infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua da contorna e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa.

A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará, no momento da matrícula aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a de 4º de Educación Infantil, sobre a lingua materna do seu fillo/a. (Ver anexos)

Na reunión do Consello Escolar do 10 de setembro de 2013, segundo a *Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo*, aprobouse por unanimidade que o galego é lingua predominante en E. Infantil, tendo en conta o resultado da pregunta aos pais, da realidade sociolingüística da contorna e da garantía da presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares na programación xeral anual.

Segundo o cuestionario que cumprimentaron as familias do alumnado nos últimos anos, segue sendo predominantemente o galego a súa lingua materna. A segunda lingua, o castelán, será introducida paulatinamente.

### **Etapa de Educación Primaria**

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no noso centro garantiremos a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

As linguas nas que se impartirán as diferentes áreas reflíctense no cadro adxunto. É importante destacar que segundo as Instrucións para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia expón: *“O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o estudantado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os*

*critérios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia”.*

A continuación adxúntase unha táboa coa información sobre as áreas que se imparten en lingua galega en cada un dos niveis da Ed. Primaria.

#### RELACIÓN DE ÁREAS IMPARTIDAS EN LINGUA GALEGA – ED. PRIMARIA - 2023/2024

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

ÁREA	1º EP	2º EP	3º EP	4º EP	5º EP	6º EP
Ciencias da Natureza	L GAL	L GAL	L GAL	L GAL	L GAL	L GAL
Ciencias Sociais	L GAL	L GAL	L GAL	L GAL	L GAL	L GAL
Educación Física	L GAL	L GAL	L GAL	L GAL	L GAL	L GAL
Lingua Galega e Literatura	L GAL	L GAL	L GAL	L GAL	L GAL	L GAL
Música e Danza	L GAL	L GAL	L GAL	L GAL	L GAL	L GAL

## 8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

## 9. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO DO GALEGO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnos/as que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

O primeiro paso na detección de necesidades é o/a mestre/a titor/a, que a partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario

ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades desborde as posibilidades do/a titor/a, este dirixirase ao Departamento de Orientación que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica regulada na Orde do 31 de outubro de 1996.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte dos profesores teñan horas dispoñibles como do profesor/a de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe se fora preciso.

Subliñar que no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua, previa valoración individual de cada caso.

Para o alumnado estranxeiro, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, establece que a administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegura a capacitación lingüística nas linguas oficiais. Por outro lado, dispoñemos da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, segundo a cal os alumnos que descoñezan ambas linguas cooficiais, poderán incluírse en grupos de adquisición das linguas a partir dos cinco anos.

Por último, tendo en conta que unha alta porcentaxe do alumnado do noso centro é galego falante, destacar que os/as alumnos/as que descoñezan a lingua galega estarán inmersos nun contexto que favorecerá a rápida adquisición da mesma, especialmente no apartado oral.

#### Referidas a aspectos visuais e documentais do centro:

- Ter en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos, etc
- Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social: correspondencia, boletíns de notas, publicacións, comunicados, etc.
- Facer en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica.
- Ter en galego os cuños empregados na vida administrativa: o oficial do centro, os de rexistros de entrada e saída, da biblioteca, etc.

#### Referidas ao emprego de galego nos usos cotiáns:

- Emprego da lingua galega por parte do profesorado nas conversas que manteñan coas familias, co alumnado e co persoal non docente.

- Uso da lingua galega en todos os actos que organice o centro: reunións de pais, festivais, conferencias, etc.
- Emprego do galego na megafonía, actividades extraescolares, etc.

Referidas ao fomento do uso do galego :

- Editar todas as publicacións do centro en galego.
- Ter ben dotada de libros en galego a biblioteca do centro, as bibliotecas de aula e os curruchos de lectura, fomentando o seu uso e a súa lectura.
- Fomentar, a través de xogos e outras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado.
- Realizar diverso material promovendo o uso do galego en todos os ámbitos (por exemplo: carteis, adhesivos, slogans, etc.).
- Ofrecer ao alumnado o coñecemento das raíces culturais de Galicia e a realidade actual do país.
- Recuperar e potenciar as festas e os xogos populares.
- Recoller e espallar a literatura popular.
- Realizar visitas de carácter didáctico que lles permitan coñecer a presenza da lingua na Galicia de hoxe sobre todo nas actividades socialmente prestixiadas.
- Participar activamente nos actos das Letras Galegas.
- Promover encontros e intercambios co alumnado doutras zonas.
- Impulsar o desenvolvemento de actividades culturais e artísticas en galego.
- Espallar entre o profesorado, o alumnado e os restantes membros da comunidade educativa todas aquelas novas que supoñan un avance na recuperación do prestixio social da lingua.
- Proporcionar información sobre a normativa que regula o uso da lingua, indicando en que medida nos afecta a todos e cada un de nós.
- Utilizar todo aquel material en galego que, ademais do seu carácter formativo, contribúa a facer desaparecer os prexuízos: vídeos, cancións, películas, publicacións impresas, etc.
- Realizar charlas de todo tipo (con escritores/as, con personaxes públicos que empreguen o galego na súa profesión, etc) para promover a utilización social da lingua.

- Buscar a colaboración dos distintos Equipos de Normalización, de outros centros, que axuden a enriquecer a nosa cultura.
- Fomento da participación en certames e concursos vinculados coa realidade galega.

Non debemos esquecer que se trata dun proceso no que non hai que ter presa por obter resultados, senón que debe ser abordado coa mentalidade dunha carreira de fondo, a longo prazo, como calquera traballo educativo, no que os resultados do que agora facemos darán o seu froito no futuro.

## 10. VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA NO CURSO 2022/2023

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega o longo do curso 2022/2023 recuperou o normal desenvolvemento das actividades e conmemoracións tal como se realizaban tradicionalmente no noso centro antes da aparición da pandemia da COVID-19 (14 de marzo de 2020). Durante o curso levouse a cabo a programación e desenvolvemento de numerosas actividades: de aula, de nivel, de etapa e de centro, tal como se planificara inicialmente na Addenda do Proxecto Lingüístico.

### 10.1. RELACIÓN DE ACTIVIDADES REALIZADAS NO CURSO 2022/2023

- **PDI 2022/2023 (Proxecto Documental Integrado) : “E TI, A QUE XOGAS?”**

A temática do PDI do noso centro para este curso foi o xogo.

Programación e desenvolvemento de actividades co xogo como centro de interese.

En definitiva, en cada un dos ciclos e niveis fóronse realizando diferentes traballos focalizados no estudo da temática elixida por cada grupo-aula e que serviron como eixo de inspiración das diferentes conmemoracións ao longo do curso.

- **Día da Biblioteca Escolar (24 de outubro de 2022):** organizáronse xunto co Equipo de Biblioteca actividades orientadas á promoción da lectura e a formación de usuarios da Biblioteca Escolar.
- **Samaín (do 25 ao 29 de outubro de 2022):** dende o EDLG organizouse a celebración do Samaín a través dunha proposta de actividades para o alumnado de todo o centro e que foron:
  - Mostra de cabazas decoradas polo alumnado e as súas familias.
  - Exposición de libros sobre a temática do medo.
  - Sesións de contacontos de medo e relacionados co Samaín.
  - Desenvolvemento da xornada de disfraces de terror.

- **Día Universal da Infancia (20 de novembro de 2022):** achegáronse materiais en galego aos diferentes niveis para a realización de actividades a nivel de grupo-aula.
- **Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de novembro de 2022):** elaboráronse murais por aulas facendo referencia ao total rexeitamento contra a Violencia en xeral e a Violencia de Xénero en particular.
- **Día Internacional da Discapacidade (3 de decembro de 2022):** dende o EDLG realizouse unha proposta das seguintes actividades:
  - Actividade: “Tod@s diferentes, tod@s importantes”.
- **Concurso e Mostra de Tarxetas Postais de Nadal (do 9 a 15 decembro de 2022):** o EDLG encargouse da organización do concurso de tarxetas postais de Nadal que consistiu en:
  - Elaboración das tarxetas por parte de todo o alumnado.
  - Valoración e elección das postais gañadoras de cada nivel.
  - Impresión das postais gañadoras de cada nivel a cargo do servizo de imprenta.
  - Envío das postais co logotipo de Equipos de Dinamización da Lingua Galega ás casas a través dos propios alumnos/as.
  - Mostra das postais finalistas no corredor de edificio principal.
- **Día da Non Violencia e da Paz (30 de xaneiro de 2023):** organizáronse as actividades de “Cadea de boas accións”, consistente na reflexión e realización dunha cadea con mensaxes de boas accións realizadas polo alumnado no seu día a día e os carteis coa palabra “Paz” escrita nas linguas dos diferentes países elixidos por cada grupo-aula para a realización dos traballos do PDI.
- **Día de Rosalía de Castro (23 de febreiro de 2023):** realización de actividades sobre a vida e obra de Rosalía.
- **Semana do Entroido 2023 (21 a 25 febreiro de 2023):** o EDLG colaborou na organización desta actividade a través da realización das respectivas pancartas e carteis necesarios para a correcta organización e desenvolvemento da semana do Entroido (carteis de consignas do Meco, mensaxes de entroido,...).
- **Os Maios 2023 (do 3 a 9 maio de 2023):** a celebración dos maios consistiu na realización de diferentes figuras florais elaboradas polos propios alumnos/as a partir dos materiais aportados por eles/as mesmos/as (flores, laranxas, cáscaras de ovos,...) e a reprodución nos patios durante toda a semana de música tradicional galega relacionada coa festa popular que se celebra ao comezar o mes de maio e que pon ao alumnado en contacto coas raíces culturais de Galicia.
- **Semana da Letras Galegas 2023 (11 a 16 maio de 2023):** durante esta semana foron varias as actividades que se realizaron centradas na figura de Francisco Fernández del Riego:

- Exposición de traballos sobre a vida e obra Francisco Fernández del Riego.
- Exposición de carteis sobre Francisco Fernández del Riego.
- **Concurso de portadas e contraportadas da Revista Escolar Retrincos 2022/2023 (15 a 19 maio de 2023):** dende o EDLG organizouse un concurso co fin de elixir a portada (6º EP) e contraportada (6º EI) da Revista Escolar Retrincos para a edición deste ano. A actividade consistiu na elaboración individual de portadas en galego por parte do alumnado e a elección das mesmas para a edición da revista 2022/2023.
- **Revista Escolar Retrincos 2023:** este curso retomouse a edición dun novo exemplar da revista “Retrincos” onde se recolle o traballo realizado polo noso alumnado durante o curso escolar. A revista ven a ser unha representación das actividades máis destacadas levadas a cabo en cada nivel ao longo do curso e tamén as orlas do alumnado que remata a etapa escolar de Ed. Primaria (6º Ed. Primaria) e do que a inicia ( 6º de Ed. Infantil). A actividade consistiu na elaboración, presentación e recollida de traballos para a edición da revista escolar. A revista pretende ser un instrumento de dar a ver a gran cantidade de actividades realizadas ao longo do curso e servir de recordo para o alumnado e as súas familias.
- **Elaboración de materiais en galego:** durante todo o curso, así como nas conmemoracións escolares, fixéronse diversos materiais en galego como por exemplo dípticos, carteis, marca páxinas, chapas,...
- **Blog do EDLG:** a maioría das actividades realizadas ao longo do curso dende o EDLG foron publicadas na web a través do blog do centro.

***En definitiva, dende o EDGL a valoración do proxecto que se desenvolveu durante o curso 2022/2023 considerámola moi positiva, xa que retomouse a total normalidade no desenvolvemento da maioría das actividades propostas e programadas polo equipo.***

## **11. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O CURSO 2023/2024**

### **11.1. OBXECTIVOS 2023/2024**

Acórdase establecer os seguintes obxectivos para o curso escolar 2023/2024:

- Colaborar cos demais equipos (EACE, Biblioteca e TIC's) nas actividades de celebración das diferentes conmemoracións establecidas pola ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/2024 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Unificar o PDI do centro co proxecto lingüístico e facer del a temática central das diferentes conmemoracións e actividades a desenvolver durante o curso académico, creando liñas de traballo cos outros equipos e dinamizacións. Para o curso 2023/2024 acordouse que o PDI trate sobre a vida e obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, coincidindo co 50º aniversario do noso centro, que leva o nome do gran intelectual galego e que se titulará: “A escola é boa”.
- Facilitar ao profesorado e alumnado información en galego sobre a temática do PDI e promover a divulgación dos diferentes traballos realizados a través de exposicións por medio de murais, carteis informativos, circulares ás familias, a páxina web,...
- Empregaranse materiais audiovisuais en lingua galega para diferentes conmemoracións, proponendo dende o equipo secuencias didácticas de traballo transversal a través das mesmas.
- Involucrar ás familias nas distintas conmemoracións e informar das actividades realizadas a través dos diferentes medios que dispón o centro (circulares informativas, páxina web,...).
- Impulsar e promover a figura de Luisa Villalta, persoa á que se lle dedicará o Día das Letras Galegas 2024.
- Ofrecer soporte, asesoramento e información sobre as distintas propostas e actividades do EDLG para este curso académico a toda a comunidade educativa.

*\* Ademais destes obxectivos concretos para o curso 2023/2024, teranse en todo momento presentes os obxectivos contemplados a nivel xeral no Proxecto Lingüístico de Centro.*

## **11.2. ACTIVIDADES 2023/2024**



Dende o EDLG levarase a cabo a programación, organización e desenvolvemento das actividades previstas inicialmente que se amosan no seguinte cadro:

### CEIP ADR CASTELAO - CURSO 2023/2024

CONMEMORACIÓN	PROPOSTA DE FORMATO	EQUIPO RESPONSABLE
Do 30 de outubro ao 3 de novembro de 2023: Samaín	A forma en como se desenvolverán as actividades de conmemoración irase decidindo nas diferentes reunións do EDLG, unha vez valoradas as aportacións realizadas dende o diferentes ciclos.	EDLG
3 decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade		EDLG
Do 9 ao 14 de decembro de 2023: Concurso de Postais de Nadal		EDLG
30 xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz		EDLG
24 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro		EDLG
8 de marzo de 2024: Día Internacional de Muller		EDLG+EACE
6 e 7 abril de 2024 - Día Mundial da Saúde e Actividade Física		EDLG+BIBLI+EF
Do 29 de abril ao 3 de maio de 2024: Maíos		EDLG
Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das letras Galegas		EDLG
Do 20 ao 24 de maio de 2024: Concurso de Portadas (6º EP) e Contraportadas da Revista Escolar (6º EI)		EDLG
Do 20 ao 24 de maio de 2024: Entrega traballos Revista Escolar		EDLG

Ademais o EDLG colaborará co resto de equipos (EACE, Biblioteca e TIC's) no desenvolvemento das diferentes actividades de celebración das conmemoracións establecidas pola lexislación.

A presente proposta do EDGL tamén contempla a posibilidade de realizar outras actividades que vaian xurdindo ao longo do curso, en función da oferta, análise e valoración que o equipo realice das mesmas e os posteriores acordos tomados.

## 12. ANEXOS

**12.1. RESULTADO DA ENQUISA ÁS FAMILIAS DO ALUMNADO DE 4º ED.INFANTIL**

O resultado da enquisa realizada ás familias (pais/nais, titores/as e/ou representantes legais) dos/as alumnos/as de 4º de Educación Infantil con respecto á obtención da información relativa á lingua materna predominante no entorno familiar deste alumnado de nova incorporación no noso centro escolar para o presente curso foi o seguinte:

<b>LINGUA PREDOMINANTE DO ALUMNADO 4º NIVEL ED. INFANTIL 2023/2024</b>					
<b>GALEGO</b>	<b>CASTELÁN</b>	<b>GALEGO/ CASTELÁN</b>	<b>ÁRABE</b>	<b>PORTUGUÉS</b>	<b>TOTAL</b>
27	6	2	4	2	<b>41 ALUMNOS/AS</b>
65,8%	15%	5%	10%	5%	

Os datos obtidos no contexto do noso centro correspóndense cunha realidade sociolingüística predominantemente galega, tal e como se contempla no proxecto lingüístico, xa que os resultados amosan que existe unha maioría de alumnado procedente de familias galegofalantes.

Ordes, a 10 de outubro de 2023

O Coordinador do EDLG

#### **4.4.7- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

**OBXECTIVOS.**

- Informar aos integrantes de cada nivel das actividades a realizar en cada unha das conmemoracións que se celebrarán ao longo do curso.
- Informar da oferta de actividades complementarias que vaian xurdindo ao longo do curso.
- Aportar ao equipo as diferentes propostas e ideas xurdidas en cada un dos niveis para a realización das distintas actividades e conmemoracións.
- Tomar os acordos relativos á realización das actividades que dependen deste equipo.
- Transmitir a cada nivel os acordos e a programación das actividades a realizar.
- Realizar achegas dende o equipo ao Proxecto Documental Integrado do Centro.

**COMPOÑENTES DO EQUIPO.**

PROFESOR/A	REPRESENTACIÓN
Docampo Pardo, M. <sup>a</sup> del Carmen Lozano Muñoz, Beatriz	Educación Infantil
Sampayo Doval, Úrsula	1º CICLO
López Regueiro Patricica Fernández García, M. <sup>a</sup> Victoria	2º CICLO
Fernández Cernadas, Lorena Castro Roa, Mónica Escariz Mariño, M <sup>a</sup> Dolores	3º CICLO
<b>Coordinadora: M.<sup>a</sup> Victoria Fernández García</b>	

Así mesmo, para a organización, coordinación e/ou posta en marcha de determinadas actividades, solicitarase a colaboración voluntaria do profesorado que se atope interesado nelas.

**CALENDARIO DE REUNIÓN.**

- Ordinarias: todos os primeiros martes de cada mes, en horario de 15.30 a 16.30 horas.
- Extraordinarias: todas aquelas que o equipo precise.

**PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

- A cargo do persoal docente.

A nivel de Centro celebraranse as conmemoracións establecidas na *Orde de 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

- **A cargo do Concello.**

Organizadas polo Concello, financiadas polas propias familias e usando as instalacións do Centro, está previsto o desenvolvemento das seguintes actividades nos días e horarios que a continuación se detallan:

- Patinaxe: luns e xoves de 15.30 a 17.30 horas
- Zumba: venres de 15.30 a 16.30 horas.

- **A cargo da ANPA.**

Por parte da Asociación de Nais e Pais, financiadas polas propias familias e usando as instalacións do Centro, ofértanse as actividades seguintes:

- Parkour: luns de 15:30 a 16:30 h
- Baile moderno: Luns e mércores de 15:30 a 16:30 h.
- Inglés infantil: luns e mércores de 15:30 a 16:30 h.
- Inglés primaria: luns e mércores de 15:30 a 16:30 h.
- Ximnasia: martes (de 16:00 a 17:00 h.) e xoves (de 15:30 a 16:30 h.)
- Voleibol: martes, de 15:00 a 16:00 h.
- Informática: mércores e venres, de 15:30 a 16:30h.
- Concilia e deberes: luns, mércores, xoves e venres, de 15:30 a 16:30 h. Os martes, de 15:00 a 17:00 h.

Fóra do centro, ofertan as actividades de natación, teatro e pintura.

#### 4.4.8- SECCIÓNS BILINGÜES. ÁREA DE PLÁSTICA.

##### OBXECTIVOS:

##### ➤ DA SECCIÓN:

- Experimentar novas formas de aprendizaxe no contexto da área de Plástica.
- Favorecer o interés do alumnado por comunicarse en Lingua Inglesa.
- Poñer ó alumnado en contacto con outras culturas e valorar a importancia de Lingua Estranxeira neste proceso.
- Favorecer o uso das novas tecnoloxías.
- Promover iniciativas que axuden a visibilizar o inglés no centro e as conexións co mundo exterior.

##### ➤ DA ÁREA DE PLÁSTICA:

- Valorar as produccions propias e alleas fomentando a crítica constructiva.
- Fomentar a imaxinación na creación dos traballos artísticos.
- Coñecer e valorar a diversidade das manifestacións artísticas propias da nosa cultura as procedentes doutras culturas.
- Participar activamente na execución das produccions artísticas, cooperando, responsabilizándose e desempeñando os roles que se lle asignen.

##### ➤ DO EQUIPO

- Seleccionar e planificar as actividades conxuntamente co auxiliar de conversa baixo os seguintes criterios:
  - O carácter eminentemente oral das mesmas
  - O carácter preferentemente lúdico
  - O coñecemento dos aspectos sociolingüísticos e culturais do país de orixe do auxiliar.
- Facer o seguemento e avaliación da programación
- Establecer as pautas metodolóxicas e deseñar os instrumentos de avaliación axeitados que permitan valorar a labor do auxiliar e a súa incidencia na mellora das destrezas lingüísticas do alumnado.

**COMPOSICIÓNS DAS SECCIÓNS:****Profesorado coordinador – AICLE/CLIL**

- **M.<sup>a</sup> Belén Meijide Gestal**, mestra especialista en Lingua Estranxeira do 6º nivel e mestra CLIL (Arts and Crafts) no 3º, 4º, 5º e 6º nivel de E.P..
- **María González García**, mestra especialista en Lingua Estranxeira do 3º e 4º nivel de E.P. e 5º e 6º de E.I..
- **María Piñeiro Caamaño**, mestra especialista en Lingua Estranxeira no 1º, 2º e 5º nivel de E.P. e 4º de E.I..

**Auxiliar de conversa**

- **Savannah Oskolkoff**, auxiliar de conversa procedente de California, compartida co CEIP Campomaior. Desenvolverá o seu labor nos centros en dúas quendas:

1.- Mércores e xoves no CEIP Castelao. Este horario tamén será organizado en dúas quendas, a primeira delas do 1 de outubro ao 31 de xaneiro e unha segunda que abrangue dende o 1 de febreiro ata o 31 de maio.

2.- Luns e martes no CEIP Campomaior

**Alumnado participante**

No curso 2023 – 2024 no CEIP Castelao participan 66 alumnos/as de 6º, 57 de 5º, 60 de 4º e 55 de 3º.

**REUNIÓNS:**

Serán de carácter informal nos momentos necesarios e de dispoñibilidade horaria dos membros, preferiblemente na 1º hora dos venres.

**HORARIO DA AUXILIAR DE CONVERSA:**

outubro a xaneiro

1º QUENDA					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00			Inglés 4ºB	Inglés 5ºA	
9:50			Inglés 4ºA	Inglés 5ºB	
10:40			Inglés 4ºC	Inglés 5ºC	
RECREEO					
12:30					
13:15					

## febreiro a maio

2º QUENDA					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00				Plástica 6°C	
9:50				Plástica 6°B	
10:40				Plástica 6°A	
RECREO					
12:30			Plástica 3°A	Plástica 3°C	
13:15			Plástica 3°B		

**ESTRATEGIAS DE TRABALLO NA AULA**

- Crear na aula un clima non directivo, cooperativo e tolerante co error no que se use a L2 o 100% do tempo
- Manexarse metodolóxicamente entre os distintos niveis, intereses e necesidades do alumnado
- Amosar firmeza e constancia coa realización de tarefas e cumprimento de normas
- Crear rutinas e hábitos de traballo específicos
- Usar dinámicas de grupo
- Planificar actividades variadas que provoquen o interés por aprender e a vontade de facelo ben
- Acordar entre o profesor especialista os obxectivos e estratexias para o deseño das actividades
- Utilizar a observación metódica da conducta, actitude e comportamentos para valorar a motivación e progreso do alumnado.

**AVALIACIÓN:**

A fin de acadar os obxectivos propostos, será preciso realizar unha avaliación continua ao longo do curso académico, pois tan só deste xeito será posible adaptalos as necesidades do alumnado, profesorado e contorna. Porén, realizaranse reunións de coordinación en diferentes momentos, preferiblemente os venres a 1º hora. Alén diso, o profesorado implicado nesta sección cubrirá un cuestionario de avaliación ao remate de cada trimestre. Este documento inclúe un apartado de avaliación do proceso e outro de autoavaliación. Finalmente, para coñecer si os obxectivos iniciais foron acadados, esta información, xunto coa avaliación final, será recollida na memoria da sección bilingüe ao remate do curso. Asimesmo, tendo en conta as dificultades atopadas ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe, este documento tamén incluírá unha proposta de mellora para o vindeiro curso 24-25.



#### 4.4.9.- EQUIPO DE TICS

##### **OBXECTIVOS.**

Os obxectivos para o Plan Tic quedan establecidos da seguinte maneira:

- Continuar a colaborar na dinamización da páxina web do centro como espazo de comunicación para a comunidade educativa.
- Colaborar cos demais membros dos equipos (EDLG, AECE e Biblioteca) para coordinarse na elaboración de contidos, así como compartir información en relación coas festividades e actividades desenvoltas polo centro.
- Facilitar información a través dos diferentes representantes de niveis sobre os aspectos básicos relacionados cos equipos informáticos, impresoras, proxectores ou pantallas dixitais.
- Coordinarse co técnico de mantemento para o correcto funcionamento dos equipos informáticos.
- Organizar o funcionamento da Aula de Informática para sacar un maior proveito por parte de toda a comunidade educativa.
- Organizar a conmemoración do «Día Internacional Contra o Acoso Escolar» (2 de maio) a nivel de centro.
- Realizar a posta a punto e funcionamento da Aula Virtual do centro.
- Dinamizar a Aula Virtual do centro tentando que todos os docentes a utilicen como espazo de conexión co alumnado.
- Coordinarse co Equipo Dixital que ten que ver coa compra e instalación de novos equipos.

Ademais destes obxectivos que teñen carácter xeral, establécense outros que se concretan por ciclos educativos e que van orientados a mellora da competencia dixital no alumnado.

- Educación Infantil: Familiarizarse cos teclados informáticos co fin de identificar e manexar letras e números.

- Educación Primaria:

1º Ciclo: Aprender a acender e apagar o ordenador correctamente e que se familiaricen co uso do rato e do teclado.

2º Ciclo: Saber entrar e saír autonomamente da Aula Virtual e navegar por ela. Saber crear un documento no que se enxira texto e imaxe e sabelo gardar.

3º Ciclo: Coñecer o sistema de organización de arquivos no ordenador. Saber buscar e seleccionar información a través do uso correcto do navegador e do buscador. Coñecer e utilizar o procesador de textos LibreOffice Writer: terminoloxía e funcións básicas (crear, gardar, copiar, cortar, pegar, enxerir, etc.). Iniciarse no manexo de presentacións sinxelas co LibreOffice Impress.

#### COMPONENTES DO EQUIPO.

PROFESORADO	NIVEIS/CICLOS
Abucide Castelao, Lucía Rodríguez Otero, Alba Cancela Montes, Alberto	Infantil
Rey Castromil, Catalina María Piñeiro Caamaño	1º CICLO
Gende Rial, M. <sup>a</sup> Luz Brandariz Castro, Alba	2º CICLO
M <sup>a</sup> Adela Seoane Pérez José Quinteiro Vieites	3º CICLO
<b>Coordinador: Alberto Cancela Montes</b>	

### CALENDARIO DE REUNIÓN.S.

- Ordinarias: todos os primeiros martes de cada mes, en horario de 15.30 a 16.30 horas.
- Extraordinarias: todas aquelas que o equipo considere necesarias.

### 4.4.10.- PLANS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Neste curso escolar continuamos co Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) con varias liñas de traballo:

- ✓ PLAN DIXITAL: Continuación co seminario iniciado o curso pasado, ao que se sumaron un amplo número de profesorado. En total, seremos 18 participantes.
- ✓ POLOS CREATIVOS: Participarán neste seminario 26 mestres/as.
- ✓ EDUCACIÓN RESPONSABLE: Participarán neste grupo de traballo 11 mestres/as.
- ✓ PRIMEIROS AUXILIOS NO ENTORNO ESCOLAR: Participarán neste seminario 21 mestres/as
- ✓ ATENDENDO Á DIVERSIDADE: Participarán neste seminario 22 mestres/as.

### 4.4.11.- PROXECTOS DE TRABALLO DO CENTRO

Neste curso escolar solicitamos continuar participando no programa CP INCLÚE da Consellería.

O PDI do centro é o seguinte: Castela: "A escola é boa"

Ademais, este curso, conmemoraremos o 50 aniversario do noso centro educativo.

## 5.- PLAN DE ORIENTACIÓN

## **ÍNDICE**

### **1.-INTRODUCCIÓN**

### **2.-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**

2.1.-Compoñentes funcionais do D.O.

2.2.-Instituto ao que está adscrito.

### **3.-OBXECTIVOS**

3.1- Criterios a ter en conta para a súa formulación.

3.2- Obxectivo xeral.

3.3- Obxectivos específicos.

### **4.-PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓNS DE ACCIÓNS PRIORITARIAS**

4.1.-Principios de actuación.

4.2- Actuacións previstas ao longo do curso.

4.3.-Horario da Xefa do Departamento de Orientación.

### **5. - AVALIACIÓN DO PLAN**

## **1. INTRODUCCIÓN**

Debido aos importantes cambios sociais que tiveron lugar nas últimas décadas, a educación sufriu nos últimos anos unha importante evolución: cambios nos esquemas de valores, movementos migratorios, evolución do coñecemento, aumento das desigualdades,.... que fixeron xurdir un novo modelo de escola. A escola actualmente entende que a educación non se esgota na simple instrución, senón que abarca o desenvolvemento global da persoa. Para conseguir isto, os profesionais da educación debemos proporcionar aos alumnos e ás familias asistencia e orientación.

Defendemos dende a Departamento de Orientación a importancia de formar ao noso alumnado nos catro piares fundamentais da Educación: aprender a coñecer, aprender a ser, aprender a convivir e aprender a facer, e esa é a liña que seguimos para elaborar este Plan de Orientación.

## 2.-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

O CEIP A.D.R. Castelao está ubicado no núcleo urbano do concello de Ordes, que se sitúa estratexicamente a medio camiño entre as cidades de A Coruña e Santiago de Compostela.

A superficie é de 158 km<sup>2</sup> e a poboación é de aproximadamente 13.000 habitantes repartidos nas 13 parroquias que conforman o Concello: Ardemil (San Pedro), Barbeiros (Santa María), Beán (Santa María), Buscás (San Paio), Leira (Santa María), Lesta (Santo André), Mercurín (San Clemente), Ordes (Santa María), Parada (Santa Mariña), Pereira (Santaia), Poulo (San Xulián), Santa Cruz de Montaos (Santa Cruz), e Vilamaior (Santiago).

No centro escolarízanse gran parte dos alumnos destas parroquias, tanto da vila como da área rural, e préstaselles servizo de transporte e comedor escolar.

As dependencias escolares están repartidas en tres edificios dentro dun mesmo recinto:

- Un edificio principal, no que se localizan os despachos de dirección, as aulas de educación primaria, inglés, música, informática e pedagogía terapéutica; así como a biblioteca, a conserxería, a sala do profesorado e o comedor escolar.
- Dous edificios de Educación Infantil, nos que ademais das aulas asignadas a esta etapa se localiza o Departamento de Orientación, a aula de Audición e Linguaxe e o local da ANPA.

Dentro do recinto escolar contamos tamén cun pavillón polideportivo para uso das actividades de Educación Física, e dous patios con espazos separados para o alumnado de Educación Primaria e Educación Infantil.

O alumnado do centro distribúese en 7 unidades de E.I. e 17 unidades de E.P.

Neste concello existen outros dous CEIP e dous IES, que son os seguintes:

- C.E.I.P. Mesón do Vento.
- C.E.I.P. Campomaior.
- Instituto de Educación Secundaria Ordes.
- Instituto de Educación Secundaria Maruxa Mallo.

En canto á estrutura organizativa do centro sinalar que, tendo en conta o número de unidades que posúe, conta con órganos de goberno e coordinación docentes propios dun centro destas características. As funcións dos órganos unipersoais e colexiados son as sinaladas pola lexislación vixente: Decreto 374/96 e Orde do 22 de xullo do 97 de regulamento orgánico de centros.

Dentro dos órganos de coordinación docente atopamos o Departamento de Orientación. As súas funcións están recollidas no D.120/98 e a Orde do 24 de xullo de 1998 que o complementa, pero que loxicamente opera tamén na marxe establecida por outros documentos normativos, entre os que destacan:

- O Decreto 374/1996 de 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos centros de EI e EP e a Orde do 22 de xullo de 1997 da Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria. Regula aspectos sobre da función dos titores, da Comisión de Coordinación Pedagóxica, sobre da acción tutorial e da orientación.

- Orde do 27 de decembro de 2002 polas que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica a alumnado procedente do estranxeiro.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 9 de xuño de 2016 e Orde do 25 de xuño de 2009 polas que se regula a avaliación en Educación Primaria e en Educación Infantil, respectivamente.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Circular 10/2010 Da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro e a Orde do 8 de setembro do 2021, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 8/2013 de Mellora da Calidade Educativa do 8 de decembro 2013.
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- As normas establecidas pola Consellería de Educación, Universidade e formación Profesional en relación ás actuacións dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

### **2.1.Compoñentes funcionais do DO.**

Tal e como indica o Decreto 374/1995 e trala primeira reunión do Departamento de Orientación do curso 2023-24, o Departamento de Orientación queda constituído por:

- Alba Rivas Iglesias (Coordinadora de E.I.).
- Noa Vázquez Banet (Coordinadora do 1º ciclo de E.P.).
- Fátima Núñez Álvarez (Coordinadora do 2º ciclo de E.P.).

- Ignacio López Presedo (Coordinador do 3º ciclo de E.P)
- Mª Maribel Mourelle Mato (Mestra especialista en PT).
- Alba Ben Valle (Mestra especialista en AL).
- Mónica Castro Roa (Mestra especialista en PT).
- Alba Rodríguez Otero (Xefa de Departamento de Orientación).

## **2.2. Instituto ao que está adscrito o DO.**

- I.E.S Maruxa Mallo (Ordes).
- IES Ordes (Ordes).

## **3.OBXECTIVOS**

Para establecer os obxectivos principais do noso Departamento de Orientación tivemos en conta o establecido na lexislación anteriormente citada. Continuarase, fundamentalmente, cos obxectivos establecidos no curso anterior, buscando unha continuidade na nosa labor orientadora que facilite a consecución dos mesmos.

### **3.1. Criterios a ter en conta para a súa formulación**

- Adecuación dos obxectivos á lexislación indicada no apartado 2, pola que se rexe a actividade do DO, así como ao prescrito nas circulares que lle incumben.
- A Memoria do DO do curso pasado.
- Consideración e valoración das aportacións de todos os membros do DO.
- Os criterios establecidos no Plan do D.O.
- Os obxectivos dos plans e proxectos que se levan a cabo no centro.

### **3.2. Obxectivo xeral**

- Contribuír ó desenvolvemento da personalidade integral dos alumnos e alumnas, favorecendo a o seu autoconcepto e autoestima.

### **3.3. Obxectivos específicos**

- Valorar as necesidades específicas de apoio educativo dos alumnos/as e deseñar programas específicos de intervención.
- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Deseñar accións encamiñadas á prevención de problemas de desenvolvemento e/ou de aprendizaxe.

- Contribuír á posta en práctica de pautas de actuación para mellorar a autoestima dos alumnos e alumnas que o necesiten.
- Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de orientación e tutoría.
- Colaborar cos órganos unipersoais e colexiados, así coma cos demais servizos, na busca de solucións aos problemas que afectan ao conxunto do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Fomentar a colaboración, o seguimento, a avaliación e a revisión dos Plans de Orientación e Acción Tutorial, como instrumento dunha educación de calidade, deseñando dentro deste programa diferentes accións que incidan na aprendizaxe dos valores propios dunha sociedade participativa e democrática favorecedores dun clima de convivencia e de respecto entre as persoas e as culturas.
- Promover actuacións destinadas a entrenarse en técnicas de traballo intelectual, á solución pacífica dos conflitos, a adquisición de habilidades sociais e á educación para a saúde.
- Promover a concienciación, por parte da comunidade educativa, do fundamental que é a convivencia, dinamizando a adopción de medidas que incidan na mellora da mesma no centro e na asunción de condutas tolerantes, no marco do establecido polo Plan de Convivencia.
- Colaborar cos mestres e mestras no tratamento da Educación en Valores e a Educación Emocional.
- Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que os alumnos e alumnas se sintan integrados no centro en todo momento, prestando especial atención aos períodos escolares de maior dificultade: conflitos de relación interpersoal, ingreso no centro -Período de Adaptación-, cambio de ciclo e etapa educativa...
- Participar no seguimento do Proxecto educativo (PE), tanto nos aspectos curriculares como organizativos, e nos diferentes plans e proxectos que este integra. Asesorar aos mestres tutores na elaboración das Programacións.
- Contribuír á colaboración entre o Departamento e aos IES aos que está adscrito.
- Favorecer e promover o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento.
- Facilitarlle ao profesorado recursos e posibilidades para a formación en temas de orientación, tutoría e atención á diversidade.
- Fomentar a participación, colaboración e formación das familias a través de charlas, coloquios, conferencias... que aporten información para a mellor educación dos fillos e fillas.
- Facilitar a integración no centro do posible alumnado procedente do estranxeiro así como á súa familia (Plan de Acolida do centro), e o establecemento das medidas oportunas para que todo o alumnado con lingua materna estranxeira acade a competencia lingüística necesaria nalgunha lingua oficial o antes posible.
- Asesorar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade nunha sociedade intercultural, proporcionando estratexias de intervención que permitan unha optimización dos recursos existentes.
- Colaborar e demandar a colaboración do equipo de orientación específico naqueles casos nos que así se solicite ou se considere necesaria a súa intervención, así como doutras asociacións e organismos (Servizo de Menores, Servizos Sociais, Servizos Sanitarios...).



- Colaborar con institucións e organismos de carácter público ou privado, externos ao centro, que colaboren ou poidan aportar melloras na calidade do proceso de ensino-aprendizaxe: Servizos Sociais, Mancomunidade de Ordes (especialmente o Servizo de Atención Temperá), Equipo de Orientación Específico, Hospital Clínico, USC, CEIP Mesón do Vento, CEIP Campomaioir, IES Nº1, e IES Maruxa Mallo.
- Desenvolvemento das actuacións prioritarias ás que fan referencia as Circulares de Orientación.

#### 4.-PLANIFICACIÓN XERAL E IDENTIFICACIÓN DA ACCIÓNS PRIORITARIAS.

A planificación xeral de actividades do Departamento de Orientación irá encamiñada ós seguintes principios de actuación:

##### 4.1.-Principios de actuación:

- **Prevención:** coa finalidade de anticiparse ás posibles dificultades que podan xurdir, desenvolvendo unha actuación proactiva.
- **Desenvolvemento:** conseguir o máximo desenvolvemento de todas as potencialidades dos alumnos e alumnas considerando que están en continuo proceso de desenvolvemento persoal.
- **Universalidade:** actuación dirixida a todos os alumnos e alumnas, aínda que adaptada aos distintos niveis. A nosa actuación tamén vai dirixida aos diferentes membros da comunidade educativa (familias, mestres e mestras...)
- **Cooperación:** articular un traballo conxunto e coordinado de todos os axentes implicados.
- **Demanda:** Elaboraranse programas de intervención na medida en que sexan percibidos como necesidades pola comunidade educativa.

##### 4.2.-Actuacións previstas ao longo do curso

ACTUACIÓNS	RESPONSABLE/S	DESTINATARIOS/A S	TEMPORALIZACIÓN
Posta en funcionamento do DO.	Orientadora e especialistas en PT e AL.	Membros do DO.	Setembro-Outubro.
Preparación dos especialistas de AL e PT e do orientador para a atención a distancia do alumnado, do profesorado e das familias, en caso de confinamento ou corentena	Orientadora e especialistas en PT e AL.	Comunidade educativa	Ao longo de todo o curso
Asesoramento aos órganos de goberno e coordinación docente.	Orientadora.	Órganos de goberno e Coordinación Docente.	Todo o curso.
Constitución do departamento de orientación do IES Maruxa Mallo e o IES Ordes e elaboración das liñas xerais de orientación e acción tutorial.	Orientadoras do IES Ordes e Maruxa Mallo.	Orientador.	Setembro-Outubro.

Organización dos apoios que se levarán a cabo por parte do profesorado de AL e PT e do profesorado con dispoñibilidade horaria.	Orientadora e Xefa de Estudos.	Especialistas de PT e AL. Todo o equipo docente.	Setembro/ Outubro.
Elaboración e aprobación do Plan de Orientación do Departamento de Orientación.	Orientadora.	Departamento de orientación e comunidade educativa	Setembro/ outubro.
Cubrir as becas de necesidades específicas de apoio educativo	Orientadora.	Alumnado con NEAE	Setembro
Posta en marcha do Plan de Acolida para o alumnado estranxeiro.	Orientadora e equipo directivo.	Mestres, alumnos e familias de alumnado estranxeiro.	Todo o curso.
Colaboración no Período de Adaptación dos nenos e nenas de nova incorporación ao centro.	Orientador e especialistas de PT e AL.	Profesorado que escolariza a alumnos e alumnas de nova incorporación	2ª quincena de setembro.
Informar a toda a comunidade educativa do funcionamento do servizo de orientación.	Orientadora.	Pais e nais do alumnado, profesorado, alumnado, ...	Todo o curso.
Colaborar na solicitude e coordinación, de ser o caso, dos grupos do PLAN PROA.	Orientadora e profesorado implicado.	Alumnado.	A partir do segundo trimestre.
Propoñer a constitución dun grupo de Adquisición de Linguas.	Orientadora.	Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.	Setembro.
Realización das avaliacións psicopedagóxicas demandadas, e dos correspondentes informes.	Orientadora.	Demandantes, equipos docentes, propio alumnado e familias.	Todo o curso.
Asesoramento na realización e seguimento das ACs e na organización dos RE.	Orientadora.	Equipos docentes, profesorado de apoio, xefatura de estudos.	Todo o curso.
Participación na avaliación de diagnóstico.	Orientadora e profesorado.	Alumnado de Educación Primaria.	Terceiro trimestre.
Reunións de coordinación entre os orientadores adscritos ao departamento do IES Maruxa Mallo e o IES Ordes	Orientadora do IES Maruxa Mallo e IES Ordes	Orientadores dos centros adscritos.	Todo o curso.
Deseño e desenvolvemento dun Programa de Habilidades Sociais (tendo en conta o Plan de Convivencia)	Orientadora.	Aqueles mestres titores que o demanden.	Todo o curso.
Reunións cos membros do DO	Orientadora	Totalidade de membros.	Todo o curso.
Asesoramento e toma de decisión sobre o alumnado que pode ter exención de francés na ESO	Orientadora.	Profesorado titor, alumnado e familias de 6º.	3º trimestre do curso.
Deseño e desenvolvemento dun Programa de Técnicas de estudio	Orientadora.	Alumnado de 6º nivel e titores.	Terceiro Trimestre.
Deseño e desenvolvemento dun Programa de Educación para a Saúde.	Orientadora.	Alumando de Educación Infantil.	Segundo Trimestre.

Asesoramento respecto dos asuntos a tratar nas reunións coas familias.	Departamento de orientación.	Claustro do profesorado.	Ao longo do curso.
Recopilación, elaboración e catalogación de material de apoio para todos os mestres e mestras do centro (por niveles educativos) coa finalidade de atender á diversidade axeitadamente.	Orientadora.	Titores de Educación Infantil e Primaria	Todo o curso.
Prevenção do acoso escolar e o acoso nas redes sociais.	Orientadora, profesorado e Corpos e Forzas de Seguridade.	Charlas da policía aos pais e ao alumnado de 5º e 6º curso de EP.	Terceiro trimestre
Seguimento deste Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación e avaliación do mesmo.	Departamento de orientación.	Membros do Departamento de Orientación.	Todo o curso.
Redacción das actas das reunións do departamento.	Orientadora.	Membros do departamento.	Despois de cada reunión do departamento.
Elaboración dun programa de Estimulación Oral en Educación Infantil.	Departamento de orientación.	Alumnado e profesorado.	Ao longo do curso, en función da dispoñibilidade.
Asesoramento e orientación ás familias.	Orientadora.	Familias.	Todo o curso.
Colaboración cos diferentes servizos da Comunidade (Servizos Médicos, Servizos Sociais, Servizo de Menores, EOE, Inspección Educativa, Atención Temperá,..) en aspectos relacionados co noso alumnado.	Orientadora.	Toda a Comunidade Educativa.	Todo o curso.
Asistir ás sesións de avaliación e orientar no desenvolvemento das mesmas.	Orientadora.	Equipos docentes.	Nos tres trimestres
Realización do seguimento do Plan de Acción Titorial e avaliación do mesmo.	Coordinadoras de ciclo e membros DO.	Equipos de ciclo e nivel.	Xaneiro, abril e xuño.
Deseño do proceso a seguir para a elaboración dos informes para o alumnado obxecto de RE e/ou de apoio.	Departamento de Orientación.	Profesorado titor e profesorado de apoio.	Maio.
Avaliación, atención e seguimento do alumnado con dificultades.	Departamento de orientación.	Alumnado, centro e familias.	Ao longo do curso.
Desenvolvemento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.	Departamento de orientación.	Todo o equipo docente.	Todo o curso.
Deseño da avaliación-memoria do Plan de Orientación.	Departamento de orientación.	Membros do Departamento e equipo directivo.	Maio-xuño.
Solicitar as flexibilizacións que sexan necesarias	Orientadora.	Alumnado.	Abril.

Informar aos DO dos IES N° 1 e Maruxa Mallo do alumnado proposto para grupos específicos de RE.	Orientadora.	Orientadores dos IES 1 e Maruxa Mallo.	Xuño.
Asesoramento aos mestres sobre a elaboración e avaliación das Programacións de aula e as medidas de atención á diversidade.	Orientadora.	Todo o profesorado.	Todo o curso.
Colaboración no Programa de Preparación para a ESO.	Orientadora.	Alumnos de 6º de Educación Primaria	Maió-Xuño
Elaboración dos informes do alumnado que remata primaria e foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica ou medida de reforzo e/ou adaptación.	Orientadora	Expediente persoal dos alumnos e alumnas.	Xuño.
Elaboración de programas destinados aos mestres e familias que axuden a previr diferentes dificultades: Programa de atención, Programa de control de esfínteres, Programa para alumnado con exceso de timidez, Programa de control conduta, ...	Orientadora.	Mestres, familias e alumnado.	Todo o curso.

\*Co fin de asesorar ás familias que así o demanden establécese un horario de atención directa a eles todos os martes de 16.30 a 17.30 horas, ademais sempre que eles o soliciten con antelación poderán ser atendidos noutro momento.

#### 4.3.-Horario da Xefa do Departamento de Orientación.

O horario de traballo da Xefa do Departamento de Orientación será de 9.00 a 14:00 horas de luns a venres, os martes de 15:30 a 18:30, onde se realizarán as reunións de coordinación docente que sexan necesarias.

As reunións de coordinación do Departamento serán de 17.30 a 18.30 horas, segundo as necesidades, e buscando a máxima operatividade das mesmas. Dentro deste horario contemplaranse as posibles saídas ao IES e outras posibles que se concerten cos especialistas de servizos externos ao centro (Médicos, Psicólogos, Asistentes Sociais...), que prestan atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

#### 5.- AVALIACIÓN DO PLAN.

O proceso de avaliación será continuo, e perseguirá coñecer en que medida son acadados os diferentes obxectivos reflectidos neste PAADO, así como o grao de axuste ás características do contexto en que se desenvolve. Con isto preténdese optimizar o PAADO, modificando, suprimindo, ampliando e reforzando aqueles elementos que sexan necesario.

Os ítems a ter en conta para a avaliación do PAADO serán os seguintes:

- Adecuación dos materiais, instrumentos e metodoloxía empregados.
- Grao de realización das actividades propostas.
- Nivel de utilidade do material elaborado e/ou empregado.
- Grao de coordinación entre os profesionais implicados.
- Nivel de participación do alumnado nas actividades propostas.
- Grao de satisfacción e implicación do profesorado.
- Nivel de satisfacción das demandas de familias e profesorado.
- Grado de implicación de todos os responsables no desenvolvemento de programas ou medidas de atención á diversidade.
-Grado de coordinación acadado nas coordinacións externas.

## 6.- CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. Curso 2023-24.

### 6.1. XUSTIFICACIÓN

A atención á diversidade é un dos grandes retos para o sistema educativo e en concreto para os centros escolares, xa que require o axuste da intervención educativa ás necesidades reais do alumnado para asegurar unha acción educativa de calidade, o cal esixe aos centros e ao profesorado unha importante tarefa de reflexión e de traballo, xa que a atención a diversidade é tarefa de todos os integrantes da comunidade educativa. Entendemos por diversidade, as diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares, diferenzas en canto a aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración, estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, contornos sociais e culturais. “Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.” Para dar resposta a isto, entendemos o Plan de Atención á Diversidade como o conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas e didácticas que o centro diseña e pon en práctica para proporcionarlle a todo o alumnado a resposta educativa máis acorde coas súas capacidades persoais e adquira as competencias básicas e os obxectivos establecidos para o período formativo no que está escolarizado.

Tal como se recolle no Plan de Orientación, a identificación e valoración das necesidades é un proceso que abrangue un amplo abano de información proporcionada por toda a comunidade educativa, co obxectivo de identificar as NEAE presentes no centro educativo. Cómpre diferenciar dous conceptos polas implicacións prácticas que pode ter, dado que no centro temos escolarizado alumnado con distintas necesidades:

- Alumnado con Necesidades especiais de apoio educativo (NEAE) Alumnado que require duna atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar.
- Alumnado con Necesidades educativas especiais (NEE). Alumno que require, nun período da súa escolarización ou ao largo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves da conduta.

Por todo isto xurde a necesidade da concreción anual do plan xeral de atención á diversidade, posto que supón unha grande complexidade prestar unha resposta de calidade ás características e necesidades individuais que presenta o noso alumnado cada novo curso, xa que é reflexo dunha sociedade diversa, onde as persoas difiren enormemente entre si pola súa procedencia cultural, a súa situación socioeconómica, ou as súas características persoais. Neste senso, é importante ter en conta, tal e como establece o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, que a atención á diversidade abrangue á totalidade do alumnado, e que é importante unha equilibrada escolarización do mesmo facilitando a promoción da accesibilidade universal para unha mellora na transición á vida adulta e laboral. A actual Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece que a intervención educativa debe contemplar como principio fundamental a diversidade do alumnado, adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses, motivacións e estilo cognitivo dos nenos e das nenas.

Este plan xeral de atención á diversidade é especialmente necesario para facilitar a igualdade de oportunidades ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entendido como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

## 6.2. **OBXECTIVOS.**

Elabórese a seguinte concreción anual dos obxectivos do Plan Xeral de Atención á Diversidade para o curso 2023-2024 no CEIP A.D.R. Castelao:

- Valorar as necesidades específicas de apoio educativo dos alumnos/as a través do proceso de avaliación psicopedagóxica, e deseñar os programas específicos de intervención adecuados ás mesmas.
- Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de orientación e tutoría, colaborando na busca de solucións aos problemas que afectan ao conxunto do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Deseñar e desenvolver programas dirixidos adquisición de habilidades sociais, á solución pacífica dos conflitos, a e á educación para a saúde.
- Dinamizar medidas que incidan na mellora da convivencia no centro e na promoción de condutas tolerantes, favorecendo tamén o desenvolvemento da Educación en Valores.
- Facilitar á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que os alumnos/as estean en todo momento integrados no centro, atendendo especialmente ós períodos escolares de maior dificultade.
- Fomentar a colaboración, o seguimento, a avaliación e a revisión dos Plans de Orientación e Acción Titorial, como instrumento dunha educación de calidade, deseñando dentro deste programas e accións que incidan na aprendizaxe dos valores propios dunha sociedade participativa e democrática
- Participar no seguimento do Proxecto educativo e nos diferentes plans e proxectos que este integra.
- Asesorar os mestres tutores na elaboración das Programacións de Aula, sobre todo nos aspectos relacionados coa atención á diversidade.
- Favorecer e promover o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento.
- Implicar ao profesorado nas tarefas de acción titorial e orientación educativa, potenciando a formación dos tutores/as neste campo.
- Facilitar ao profesorado, recursos e posibilidades para a formación en temas de orientación, tutoría e atención á diversidade (convivencia, atención ao alumnado estranxeiro, o uso das TIC's e a diversidade, etc )
- Fomentar a participación, colaboración e formación das familias a través de charlas, entrevistas,

dípticos, etc.

- Facilitar a integración no centro do posible alumnado procedente do estranxeiro así como a súa familia (recollidas estas medidas no Plan de Acollida do centro) e dos profesores de nova incorporación ó centro (Plan de Acollida para o profesorado).

-Asesorar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade nunha sociedade intercultural, proporcionando estratexias de intervención que permitan unha optimización dos recursos existentes.

- Colaborar e demandar a colaboración do equipo de orientación específico naqueles casos nos que así se solicite ou se considere necesaria a súa intervención, así como doutras asociacións e organismos (Fundación Meniños, Menores, Servizos Sociais, Atención Temperá, Servizos Sanitarios, Servizo de Inspección Educativa...).

### 6.3 CRITERIOS PARA A SÚA REALIZACIÓN

Os obxectivos especificados nesta concreción anual do Plan Xeral de Atención á diversidade foron escollidos pola súa adecuación para progresar no presente curso para lograr a consecución dos obxectivos xerais e específicos establecidos no mesmo.

#### 6.3. ACTIVIDADES PREVISTAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS E TEMPORALIZACIÓN

Debido a que aspectos como a organización dos apoios, e as medidas ordinarias e extraordinarias xa están recollidos dentro doutros documentos, como son o Plan de Convivencia ou o Plan de Orientación, só se indicarán aquelas actuacións que afecten directamente á diversidade:

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN
Plans de acollida.	Todo o curso
Formación do profesorado.	Todo o curso
Atención e asesoramento á Comunidade Educativa.	Todo o curso
Accións preventivas e de detección temperá.	Todo o curso
Colaboración con outras institución e organismos públicos e privados.	Todo o curso
Deseño de programas específicos coas adaptacións metodolóxicas, flexibilidade de avaliación e da temporalización así como o procedemento dos tipos de escolarización...	Todo o curso
Identificación, avaliación e informe da situación persoal do alumnado así como a revisión e modificación das medidas	Todo o curso



adoptadas	
Xestión dos protocolos de actuación e organización e análise dos tipos de escolarización e dos recursos e apoios para as necesidades persoais do alumnado e á accesibilidade universal.	Todo o curso
Información ás familias e a aquelas institución públicas ou privadas necesarias para acadar a mellora do desenvolvemento persoal ou a integración do alumnado.	Todo o curso
Medidas de apoio ordinarias e extraordinarias.	Todo o curso

#### 6.4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tal e como se recolle no Decreto 229/11 e na Orde do 8 de setembro do 2022, hai dous tipos de MAD, as ordinarias e as extraordinarias. A continuación inclúense as referidas ás etapas de Educación Infantil e Primaria:

MEDIDAS ORDINARIAS	MEDIDAS EXTRAORDINARIAS
<p>a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.</p> <p>b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.</p> <p>c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.</p> <p>d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.</p> <p>e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.</p> <p>f) Desdobramentos de grupos.</p>	<p>a) Adaptacións curriculares.</p> <p>b) Agrupamentos flexibles.</p> <p>c) Apoio do profesorado especialista en PT e/ou en AL.</p> <p>d) Flexibilización da duración do período de escolarización.</p> <p>e) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.</p> <p>f) Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro</p> <p>g) Grupos de adquisición das linguas.</p> <p>f) Grupos de adaptación da competencia curricular.</p>

<p>g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.</p> <p>h) Programas de enriquecemento curricular.</p> <p>i) Programas de reforzo para o alumnado de Educación Primaria qu permaneza un ano máis no mesmo curso.</p> <p>j) Programas de habilidades e competencias sociais.</p>	
--	--

#### 6.5. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS

- **Criterios para a adscrición de apoios por parte dos especialistas do D.O.**

O D.O. colaborará co profesorado na ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (tal como recolle o Plan Xeral de Atención á Diversidade), elaborando propostas de mellora para facilitar os procesos de ensino-aprendizaxe, concretándose de xeito anual, para formar parte da Programación Xeral Anual, como Plan Anual de Actividades do DO do curso 2022-23. Tal como recolle a LOMLOE, a escolarización do alumnado con dificultades de aprendizaxe centrarase nos principios de NORMALIZACIÓN e INCLUSIÓN, para promover unha igualdade efectiva e que non se manifeste a discriminación.

Desde o departamento de orientación, colaboraremos na elaboración de medidas curriculares e organizativas, así como propostas pedagóxicas para atender á diversidade e lograr o acceso de todo o alumnado á educación común con medidas de reforzo e/ou adaptacións do currículo, sempre tendo en conta os ritmos de aprendizaxe do noso alumnado e intentando con isto mellorar a súa autonomía persoal e funcional. Polo tanto, acordaranse distintas medidas de apoio: medidas preventivas, que se detectarían nunha avaliación inicial, e medidas ordinarias e extraordinarias, segundo o caso.

Criterios para a determinación dos apoios:

1. O/A titor/a ou a familia detectan dificultades no/a neno/a e comunícanllo ben directamente ao Departamento de Orientación ou ben á Xefatura de Estudos (se é nova matrícula, marcará na solicitude o cadro de neaes).
2. Despois dunha avaliación das necesidades do/a neno/a, a orientadora determinará as medidas de apoio oportunas e fará una proposta dos apoios que deberá recibir o devandito alumno/a, ben de

PT, AL ou ben por parte dela mesma, atendendo a se as necesidades son de orixe cognitivo e precisan estimulación da súas habilidades perceptivo-conceptuais (PT), se son comunicativo-lingüísticas e precisan estimulación na área da comunicación e da linguaxe (AL) ou emocionais (orientadora). O resto de alumnado que precisa de apoio, será prestado polo mestre/a titor/a ou por profesorado con dispoñibilidade horaria.

3. Detectadas as necesidades educativas presentadas polos alumnos do centro e tendo en conta a previsión feita no curso pasado e a nova matrícula, a modalidade e tipo de apoio será determinada pola Xefatura de Estudos, co asesoramento do Departamento de Orientación en función das necesidades do/a neno/a e dos recursos dispoñibles.
4. Unha vez detectadas as dificultades e proposto o/a nena/o para o apoio correspondente, tal e como se establece no punto anterior, é función do Departamento de Orientación a de colaborar na posta en marcha do tipo de intervención mais axeitada e determinarase e concretarase o plan de traballo para o/a neno/a, fundamentalmente dende a coordinación dos/as mestres/as implicados no apoio, elevando do mesmo xeito ditas propostas á Xefatura de Estudos.
5. Informarase sempre ás familias da proposta de intervención deseñada e manteranse reunión para informarlles da evolución do/a neno/a así como para o establecemento de pautas de actuación conxuntas.
6. Trimestralmente, organizáranse reunións de cada titor cos especialistas de PT, AL e profesorado de apoio que preste reforzo na súa aula, coa finalidade de coordinar e facer seguimento de actuacións co alumnado con necesidades e facer unha valoración das medidas adoptadas, os obxectivos conseguidos e os que será necesario seguir traballando, de cara a avaliación. Ademais, manteremos reunións de coordinación cos servizos externos aos que acode o alumnado.

<p>Á hora de <b><u>asignar os apoios das especialistas de PT ao alumnado con NEAE seguirase a seguinte orde de prioridade:</u></b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Alumnado con NEE derivadas de discapacidade sensorial, motora, intelectual, trastorno da linguaxe, TXD, retraso do desenvolvemento ou trastornos graves de conduta.</li> <li>2. Alumnado con desfase curricular significativo e polo tanto con AC.</li> <li>3. Alumnado con NEAE por incorporación tardía ao sistema educativo.</li> </ol>
--	--

	<ol style="list-style-type: none"> <li>4. Alumnado con NEAE por presentar dificultades de aprendizaxe leves-moderadas diagnosticadas polos Servizos de Saúde.</li> <li>5. Alumnado con NEAE por presentar dificultades de aprendizaxe e/ou TDAH.</li> <li>6. Alumnado con NEAE por condicións persoais ou de historia escolar.</li> </ol>
<p>Á hora de asignar <u>os apoios da especialista AL ao alumnado con NEAE</u> seguirase a seguinte orde de prioridade:</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Alumnado con NEE.</li> <li>2. Alumnado con alteracións graves da linguaxe.</li> <li>3. Alumnado con alteracións da linguaxe menos graves.</li> <li>4. Alumnado con alteracións graves da fala que incidan nos procesos de ensinanza-aprendizaxe.</li> <li>5. Alumnado con alteracións leves da fala que incidan nos procesos de ensinanza-aprendizaxe.</li> <li>6. Alumnado con dislalias que que non repercutan nos procesos de ensinanza-aprendizaxe.</li> </ol>

• **Criterios para atención individual ou grupal nas intervencións específicas de PT e AL.**

Para de terminar a atención individual ou grupal, tal e como indica a Orde do 8 de setembro do 2021 que regula ás intervencións específicas de PT e AL, teranse en conta os seguintes criterios:

- De ser posible, primarase a intervención dentro da aula ordinaria.
- Se fose necesario saír fóra da aula ordinaria, atenderanse a alumnos e alumnas do mesmo grupo aula, entre 1-5 alumnos/as, para traballar contidos con materiais e recursos didácticos máis específicos presentes nas aulas de PT e AL.
- Debe existir compatibilidade entre as intervencións específicas que demandan as NEAE dos alumnos e alumnas que son atendidos simultaneamente.

• **Proposta de criterios para a apertura de protocolos**

Para abrir un protocolo debe de existir un diagnóstico asociado ás seguintes NEAE:

-TEA

- TDAH
- Altas Capacidades
- Discapacidade cognitiva
- Dislexia e dificultade de aprendizaxe
- Discapacidade auditiva

❖ Dende o DO propónse un único criterio: *o coñecemento dun diagnóstico clínico por parte dos servizos médicos (SERGAS).*

*No caso de presentar no centro educativo un diagnóstico dunha identidade privada realizarase por parte do D.O. un informe psicopedagóxico.*

- **Criterios para a intervención específica fóra da aula ordinaria**

Para determinar que as especialistas de PT e AL leven a cabo as súas intervencións fóra da aula ordinaria, propóñense os seguintes criterios:

<b>Pedagogía Terapéutica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Respetaranse as áreas nas que hai unha maior socialización (E. Física, plástica) e as especialidades (inglés, rel/val, música, educación física, plástica), permanecendo na aula ordinaria nestas horas.</li> <li>- Priorizarase ao alumnado con adaptación curricular.</li> <li>- Realizarase para traballar materiais e programas específicos que precisa cada alumno en función das súas necesidades educativas.</li> <li>- Solicitarase autorización a pais, nais ou titores legais.</li> </ul>
<b><u>Audición e Linguaxe</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A intervención da maestra de AL realizarase na aula de AL, onde se atende ao alumnado de maneira individual ou en pequeno grupo (grupos entre un e cinco alumnos/as), xa que os contidos a</li> </ul>

	<p>traballar con eles requiren esta atención ao precisar de materiais e recursos didácticos máis específicos presentes nesta aula e non xeneralizables ao resto do grupo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Solicitarase autorización a pais, nais ou titores legais.</li> </ul>
--	---

- **Coordinacións PT-AL-PAC-titorías**

A coordinación entre os diferentes profesionais concretarase:

<b>1) Cos titores e as titoras</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Na asistencia a reunións cos familias do alumnado NEAE do centro.</li> <li>- Na participación da elaboración das AC.</li> <li>- Na comunicación diaria ou semanal do traballo co alumnado NEAE.</li> <li>- Nos acordos que se teñan ao longo do curso.</li> </ul>
<b>2) Coa cuidadora</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Informando dos avances ou cambios e estratexias acordadas para traballar co alumnado.</li> <li>- Establecendo un programa de control de esfínteres e colaborando no seu seguimento.</li> </ul>
<b>3) Entre PT e AL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A elaboración de materiais para o alumnado NEAE que teñen en común.</li> <li>- Na programación de obxectivos comúns para o alumnado co que traballan.</li> </ul>

4) <b>Cos recursos externos:</b>	- Establecendo reunións periódicas ou conversas telefónicas cos distintos organismos e asociacións que atenden ao alumnado do noso centro. (ASPA-NAES, Servizos Sociais, Unidade de Atención Temperá, SERGAS, Gabinetes externos.)
----------------------------------	--

#### 6.7. PROGRAMACIÓN DAS ESPECIALISTAS DE AL E PT.

O CEIP A.D.R. Castelao conta con dúas especialistas de PT e unha especialista de AL, que especifican a súa programación anual nun documento aparte.

## **6.8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

Ao longo do curso realizarase un seguimento das actuacións previstas do presente plan, co obxecto de realizar unha avaliación continua e formativa, para detectar as necesidades de mellora e valorar o grao de consecución dos obxectivos previstos.

Ordes, a 18 de setembro de 2023

Alba Rodríguez Otero  
Asdo. Xefa do Departamento de Orientación



## 6.- PLAN DE CONVIVENCIA E BENESTAR

En elaboración segundo a ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.O plan de convivencia concretarase neste curso académico nas seguintes accións:

ACCIÓNS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN
Charla obradoiro para as familias de 5º e 6º sobre como previr o acoso escolar desde a familia. Contarase co apoio da ANPA	Asistencia do 30% das familias convidadas.	2º trimestre.
Plan de formación do profesorado en Primerios auxilios.	Participación do 50% do profesorado	Todo o curso.
Colaboración co DO na coordinación dos casos que requiran a intervención dos servizos sociais do Concello	Realizar alomenos unha reunión por trimestre con servizos sociais.	Todo o curso.
Charla habilidades sociais para alumnado de 5º e 6º en colaboración co departamento de Servizos Sociais do Concello.	Analizar grado de implicación e participación do alumnado cunha enquisa de valoración.	2º trimestre
Promover unha alimentación saudable no centro escolar: solicitude do Programa escolar de froitas, castañas e leite	Analizar o grado de participación do alumnado, canto alumnado participa?	Todo o curso.
Participar no Plan Director: charlas sobre violencia escolar, acoso escolar e riscos de internet para alumnado de 5º e 6º	Analizar grado de implicación e participación do alumnado cunha enquisa de valoración.	3º trimestre
Iniciar o programa de mediadores do patio.	Implicación do alumnado nas actividades de mediación.	Todo o curso.

## 7.PARTICIPACIÓN E GOBERNO.

### 7.1.- ÓRGANOS DE GOBERNO

#### 1.- EQUIPO DIRECTIVO

##### 1.1.- Composición.

CARGO	NOME E APELIDOS	NOMEAMENTO	CESE
Directora	M. <sup>a</sup> Begoña Grela Veiras	1 de Xullo de 2022	30 de xuño de 2024
Xefa de Estudos	M. <sup>a</sup> Yolanda López Poceiro	1 de Xullo de 2022	
Secretaría	Patricia López Regueiro	1 de Xullo de 2022	

##### 1.2.- Competencias.

As establecidas no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21) e no artigo 131 e 132 da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

##### 1.3.- Horario de atención ao público.

O horario de atención ao público do equipo directivo é o seguinte:

- Xefatura de Estudos: de luns a venres de 9:15 a 9.50 horas.
- Dirección:
  - ✓ Luns, martes e mércores de 12:00 a 13:10 h.
  - ✓ Xoves, de 9:15 a 10:40 h.
- Secretaría:
  - ✓ Mércores: de 10:40 a 11:30 h.
  - ✓ Venres: de 12:30 a 14:00 h.

## 2.- CLAUSTRO DE PROFESORES

### 2.1.- Composición.

Nas páxinas 16 e 17 da presente PXA queda reflectido a totalidade dos profesores con destino no Centro, membros de dereito, polo tanto, de dito órgano colexiado.

### 2.2.- Celebración de reunións.

- Ordinarias: Unha, como mínimo, en cada trimestre.
- Extraordinarias: As que se precisen para o normal funcionamento do centro.

### 2.3.- Competencias.

As establecidas no artigo 47 do *Decreto 374/1996*, do 17 de outubro, polo que se aproba o *Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria* (DOG do 21) e nos artigos 91, 92 e 93 da *Lei Orgánica 3/2020*, do 29 de decembro, pola que se modifica a *Lei Orgánica 2/2006*, do 3 de maio, de Educación.

## 3.- CONSELLO ESCOLAR.

### 3.1.- Composición.

<p><b>A) EQUIPO DIRECTIVO.</b>            Presidenta: M.<sup>a</sup> Begoña Grela Veiras            Xefa de Estudos: M.<sup>a</sup> Yolanda López Poceiro            Secretaria: Patricia López Regueiro</p>	<p><b>B) REPRESENTANTES DO PROFESORADO</b>            M.<sup>a</sup> Luz Gende Rial            Alba Brandariz Castro            María Jesús Pais Currais.            M.<sup>a</sup> Carmen Docampo Pardo            Alba Rivas Iglesias</p>
<p><b>C) REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS</b>            Mónica Andrade Dubra            Celsa M.<sup>a</sup> Casas López            M.<sup>a</sup> Rocío Sánchez Botana            Ángel Veiras Varela</p>	<p><b>D) REPRESENTANTE DA ANPA</b>            Yolanda Castro Mosquera</p> <p><b>E) REPRESENTANTE DO CONCELLO.</b>            Susana García Gómez</p> <p><b>F) REPRESENTANTE DA ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.</b>            Carolina Suárez Lobato</p>

### **3.2.- Celebración de reunións.**

- Ordinarias: Unha, como mínimo, por trimestre.
- Extraordinaria: As que se consideren precisas segundo as necesidades ao longo do curso.

### **3.3.- Atribucións.**

As establecidas no artigo 43 do xa citado *Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico* e no artigo 127 da *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro*.

## **8.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.**

## 8.1.- TRANSPORTE ESCOLAR.

Seguindo a Instrución Conxunta 1/2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sobre a xestión do servizo de transporte de escolares no curso escolar 2023-2024, comezou este servizo o día 11 de setembro de 2023.

No centro hai 209 alumnos/as con dereito a transporte, que se distribúen en seis itinerarios, cun autobús diferente para cada un. Todos os autobuses teñen acompañante.

A empresa que ten o contrato é UTE ESCOLAR LOTE 18, realizando a empresa Rogelio tres das rutas e a empresa Meijide as outras tres rutas.

O transporte ten previsto a súa chegada ao centro entre as 8.50 e as 9.00 horas. A saída realizarase ás 15.00 horas.

## 8.2.- COMEDOR ESCOLAR.

### ❖ Usuarios.

Este servizo empezou a funcionar a día 11 de setembro, tal e como especifica a *Instrución 2/2023, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023-2024*. No anexo desta mesma Instrución establécese que o número de prazas do comedor é de 311, entendendo que neste número máximo se inclúen as prazas de cobertura obrigatoria, é dicir, persoal de cociña, persoal colaborador, encargada e directora.

Actualmente, o número de alumnos/as usuarios de comedor é de 300.

### ❖ Encargada de comedor.

Desempeña esta función o mestre Alberto Cancela Montes.

### ❖ Persoal colaborador.

Contamos con 10 persoas colaboradoras no comedor, a maioría son nais de alumnos/as, que realizan tarefas de coidado e vixilancia durante a quenda de comida e tamén durante o tempo que transcorre ata o momento de saír do centro para subir ao autobús ou de comezar as actividades extraescolares.

A relación das colaboradoras de comedor é a que segue:

- Fathallah, Sana
- Fathallah Lachguar, Khadija
- Naih, Fátima Zahra
- Pena Touceda, Ana María
- Martínez Liste, Laura
- Fernández Rivera, María Inés
- Errafai, Aicha
- Loureiro Cabeza, Sandra
- Et Tabbai, Hanan
- Castro Veiras, Sonia

## **9-PERSOAL NON DOCENTE**

### **9.1.- PERSOAL DE COCIÑA.**

O persoal de cociña deste centro está formado por:

- Carolina Suárez Lobato..... cociñeira
- Raquel Carballido Calvo ..... axudante de cociña
- M<sup>a</sup> Jesús Blanco Blanco..... axudante de cociña
- Montserrat Grela Beiroa ..... axudante de cociña

### **9.2.- PERSOAL DE CONSERXERÍA.**

A conserxería do centro corresponde a Gonzalo Sanjurjo Losada.

### **9.3.- PERSOAL AUXILIAR-COIDADOR**

Exerce esta función Concepción Taboada Pacheco.

### **9.4.- PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN.**

Esta función correspóndelle a M<sup>a</sup> Luisa Conde Ferreiro.

### **9.5.- PERSOAL DE LIMPEZA.**

A limpeza do centro corre a cargo de tres persoas:

- M<sup>a</sup> Sandra Calviño Pérez
- Rosa Rosende Becerra
- Inés Suárez Tojo

## 10.- PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Independentemente da avaliación externa que polos distintos sectores da comunidade educativa se poidan levar a cabo sobre a organización e funcionamento do Centro, establécese na presente Programación Xeral Anual os criterios de avaliación interna seguintes:

1.- Polo Equipo Directivo, Claustro de Profesores, Consello Escolar e distintos órganos de Coordinación Docente farase unha avaliación trimestral do grao de desenvolvemento da presente Programación Xeral Anual coa introdución no momento oportuno, de ser o caso, das medidas correctoras correspondentes.

2.- Ao final de curso, no mes de xuño, elaborárase a Memoria de fin de curso na que se especificará o grao de cumprimento da presente PXA.

## APROBACIÓN

A aprobación desta P.X.A produciuse, logo da súa presentación ao Claustro de Profesores e ao Consello Escolar, ambos con informe favorable, na reunión ordinaria do 24 de outubro de 2023



## 11.- ANEXOS

### ANEXO I INCORPORACIÓN DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

#### CALENDARIO PERÍODO DE ADAPTACIÓN 3 ANOS

- Luns 11 de setembro:
  - Grupo A: 9:30 - 10:00
  - Grupo B: 10:30 – 11:00
  - Grupo C: 11:15 – 11:45
  - Grupo D: 12:15 – 12:45
- Martes 12 de setembro:
  - Grupo A: 9:15 – 10:00
  - Grupo B: 10:15 – 11:00
  - Grupo C: 11:15 – 12:00
  - Grupo D: 12:15 – 13:00
- Mércores 13 de setembro:
  - Grupos A e B: 9:30 – 11:00
  - Grupos C e D: 11:30 – 13:00
- Xoves 14 de setembro:
  - Grupos A, B, C e D: 10:00 – 12:00
- Venres 15 de setembro:
  - Grupos A, B, C e D: 10:00 – 13:00

### ANEXO II QUENDAS DE RECREO DE EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA

<b>GRUPO 1: LUNS/MÉRCORES</b>	
BEGOÑA R. LUCÍA A.	
RAQUEL LUCÍA B.	
MERI FÁTIMA NÚÑEZ	
<b>GRUPO : MARTES/XOVES</b>	
ALBA RIVAS M <sup>a</sup> CARMEN	
ALBERTO BEATRIZ	
ALBA RODRÍGUEZ BEGOÑA G.	
<b>GRUPO 3: MIXTO</b>	
<b>MARTES PRIMARIA/VENRES INFANTIL</b>	
MARTES PATIO 1º E 2º	VENRES INFANTIL
MARIBEL MARÍA G. ALBA BEN	MARIBEL MARÍA G. ALBA BEN ADELA MARÍA P. MÓNICA CHUS G. BELÉN

PATIO	<b>GRUPO 1</b> <b>LUNS/XOVES</b>	<b>GRUPO 2</b> <b>MÉRCORES/VENRES</b>	<b>GRUPO 3: MIXTO</b> <b>MARTES PRIMARIA</b> <b>VENRES INFANTIL</b>
1º E 2º NIVEL	M <sup>a</sup> CARMEN G. NOA M <sup>a</sup> JOSÉ S.	CATALINA ÚRSULA CLARA CHELO	MARIBEL PT MARÍA G. ALBA BEN
3º,4º,5º,6º NIVEL	CHUS PAIS YOLANDA ALBA B. M <sup>a</sup> LUZ PATRICIA VIKI	JOSE LORENA M <sup>a</sup> JOSÉ C. M <sup>a</sup> JOSÉ B. TERESA DOLORES NACHO	ADELA MARÍA P. MÓNICA BELÉN CHUS G.

**ANEXO III CADRO DE GARDAS DE ENTRADA**

**CADRO DE GARDAS DE ENTRADA 2023-2024**

UBICACIÓN DO PROFESORADO DE 8:50 A 9:00 (vixiando a todo o alumnado do centro).

<b>UBICACIÓN</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>FILAS PATIO CUBERTO INFANTIL</b>	Fátima Meri Raquel	Alba Rivas M <sup>a</sup> Carmen D. Maribel Alberto	Fátima Úrsula Catalina	Alba Rivas Alba Brandariz M <sup>a</sup> Carmen D. Bea	María G. Maribel Catalina Adela
<b>PATIO DE 1º e 2º (DETRÁS FILAS DE 3 ANOS e CANCELIÑA)</b>	Lucía A.	Chus G.	Begoña R.	Noa	María P. Teresa
<b>PATIO DE 1º e 2º (DIANTE FILAS DE 3 ANOS)</b>	Begoña R.	Begoña G.	Lucía A.	Chus Pais	Mónica Chus G.
<b>PORTALÓN DE AUTOBUSES</b>	M <sup>a</sup> Carmen G. M <sup>a</sup> José S.	Bea María G	Raquel Meri	Begoña G. Alberto	Alba Ben Clara
<b>FILAS DE 1º E.P.</b>	Noa	Alba Ben	Clara	M <sup>a</sup> José S.	Úrsula
<b>FILAS DE 2º E.P.</b>	Yolanda	Adela	Chelo	M <sup>a</sup> Carmen G.	Chelo Nacho
<b>CANCELA SUSA</b>	M <sup>a</sup> Luz Patricia	María P. Mónica	Teresa Dolores	Yolanda Alba Rod.	M <sup>a</sup> José B. Lorena
<b>FILAS DE 3º, 4º, 5º e 6º E.P.</b>	Chus Pais Alba Brandariz Viki	Belén Alba Rod. Nacho	M <sup>a</sup> José C. M <sup>a</sup> José B. Jose Lorena	M <sup>a</sup> Luz Patricia Viki	M <sup>a</sup> José C. Belén Dolores Jose

**ANEXO IV CADRO DE GARDAS DE TARDE**

## GRUPOS GARDAS DE TARDE (15:30 a 17:30)

1. CHELO E PATRICIA	11. RAQUEL – BEGOÑA G.
2. LUCÍA B. – NACHO- MERI	12. M <sup>a</sup> LUZ - VIKI
3. CATALINA - ALBA	13. MARÍA G. - LORENA
4. CLARA - YOLY	14. M <sup>a</sup> JOSÉ S. - MARIBEL
5. BEGOÑA R. – LUCÍA A.	15. M <sup>a</sup> CARMEN G. – CHUS G. (NON FAI OS MÉRCORES)
6. NOA – FÁTIMA NÚÑEZ (NON FAI OS VENRES)	16. ALBA R. – M <sup>a</sup> CARMEN DOCAMPO
7. BELÉN - ADELA	17. BEA - ALBERTO
8. TERESA – MARÍA P.	18. MÓNICA - JOSE
9. DOLORES – M <sup>a</sup> JOSÉ B.	19. ALBA BRANDARIZ – CHUS PAIS
10. M <sup>a</sup> JOSÉ CARBALLEIRO – AL DO ACOM- PAÑA	20. ÚRSULA – ALBA BEN

### OUTUBRO

DÍA	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31
GRUPO		17		18	19	20			1	10	2				3		6	5	4			7		8	9	10			11		

### NOVEMBRO

DÍA	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30
GRUPO		12	13			14		16	15	17			18		19	20	1			2		3	4	5			6		7	8

### DECEMBRO

DÍA	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31
GRUPO	9			10							11		12	13	14			15		16	17										

### XANEIRO

DÍA	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31
GRUPO							18		19	20	1			2		3	4	5			6		7	8	9			10		11	

**FEBREIRO**

DÍA	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29
GRUPO	12	13			14		16	15	17						18	19			20		1	2	3			4		5	6

**MARZO**

DÍA	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31
GRUPO	7			8		9	10	11			12		13	14	15			16		17	18	19									

**ABRIL**

DÍA	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30
GRUPO			20	1	2			3		4	5	8			7		6	9	10			11		12	13	14			15	

**MAIO**

DÍA	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31
GRUPO		16	17			18		19	20	1			2		3					4		5	6	7			8		9	10	11

**XUÑO**

DÍA	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30
GRUPO			12		13	14	15			16		17	18	19			20		1	2	3									

Na Dirección do Centro están depositados os seguintes documentos:

- Proxecto Educativo do Centro.
- Concrecións Curriculares.
- Plan de autoprotección do Centro
- Proxecto lector.
- NOFC
- Protocolo de funcionamento do Comedor escolar.
- Plan de convivencia.
- Plan xeral de atención á diversidade.
- Plan de Igualdade.
- Plan de acollida.
- Plan de acción tutorial.
- Plan dixital do centro.